



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE CATORCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO
(ACTA NÚMERO 51)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Lino Rodríguez Onega

Secretario:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catorce de decembro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen-se os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Eduardo Vidal Baamonde e D^a. Sonsoles López Izquierdo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de decembro de dous mil dezaioito, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTRO DE ATENCIÓN DE POL E A FONSAGRADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vistos os distintos antecedentes incorporados ao expediente, cos respectivos convenios marco e específico de cooperación, así como a memoria xustificativa. Visto o informe xurídico - administrativo no que se recollen as seguintes consideracións:

“Primeira.- Incóase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación de prestacións a persoas maiores nos Centros de Atención de Pol e A Fonsagrada.

Segunda.- O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos artigos 4 e 11, como negocios xurídicos

excluídos. Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar o obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou unha subministración.

Estas prestacións, encadradas nun servizo social, inclúense no Anexo IV da LCSP e aplícase o artigo 312 da propia LCSP, ao conformar prestacións directas a favor da cidadanía.

Trátase de dar cobertura a prestacións de atención residencial e centro de día (ambos lotes) incluídas nas áreas de formación básica e instrumental e na Área de servizos xerais, do Anexo I, do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia pola que se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu custo, consideradas como básicas, comprendidos dentro do Código/ s CPV : 85121252-4 Servizos xeriátricos. - 85300000-2 Servizos de asistencia social e servizos conexos. - 85312100-0 Servizos de Centro de Día.

A presente contratación trae causa, tal e como se recolle na cláusula 1.2 do PCAP, nun sistema prestacional, en rede cooperativa, de carácter interadministrativo público-publico horizontal, establecido nos convenios asinados entre a Deputación de Lugo e os Concellos de Pol e A Fonsagrada para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores.

Terceira.- Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en

relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Cuarta.- O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta ao abeiro dos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención á forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo), reflíctanse debidamente puntuados na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas. Os criterios cualitativos establecidos na cláusula 12 do PCAP inclúen aspectos ambientais e sociais vinculados ao obxecto do contrato na forma establecida no apartado 6 do artigo 145 LCSP. Estes criterios cualitativos van acompañados dun criterio relacionado cos custos.

Cúmrese co establecido no artigo 145 da LCSP, tanto no relativo a que o prezo non sexa o único factor determinante da adxudicación, ao igual que no previsto nos contratos de servizos do Anexo IV da LCSP en canto que os criterios relacionados coa calidade deberán representar, polo menos, o 51 por cento da puntuación asignable na valoración das ofertas, superados nesta licitación.

O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 da LCSP, desenvolto, nas contías, pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, sendo que o valor estimado é de 4.318.931,46 euros.

Quinta.- De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP a presente contratación divídese en lotes en atención o recollido nas cláusulas 2.5 e 2.6 do PCAP que, en síntese, din o seguinte:

Dada a natureza das prestacións, a súa funcionalidade e a organización neste sistema colaborativo prestacional, prevese a realización independente mediante a división en lotes, por centros físicos ubicados en municipios distintos pero territorialmente próximos, atendendo ás especialidades e configuración territorial, con nexos de desenvolvemento económico adecuados para dinamizar sinerxías. Pol atópase na área de planificación de SS.SS (área rural 19) e A Fonsagrada na área de planificación de SS.SS (elevada dispersión 1). Dentro da planificación territorial, a nivel autonómico existe como referente a organización territorial e económica para a distribución de fondos europeos a través de AGADER e tamén a xestión de emerxencias (GES). Ambos sistemas de xestión integran territorializado aos concellos de Pol e A Fonsagrada, no mesmo “grupo” territorial.

Esta organización permite que as prestacións realizadas por empregados públicos gañen en operatividade e eficacia, evitando longos desprazamentos ao tempo que resulta compatible coa división en lotes propugnada pola Lexislación contractual; permite que se prevea unha oferta integradora, a fin de compatibilizar a facilitación do acceso a esta contratación de pequenas empresas, con certas economías a escala, como unha opción prevista nos pregos.

A xefatura de sección de benestar emite informe acerca da contratación por lotes que se incorpora ao expediente administrativo contractual.

A división en lotes das prestacións ten por obxecto fomentar a concorrência e a participación das PEMES na licitación. Os licitadores poderán presentar proposicións referidas a un ou aos dous lotes determinados neste prego, especificándose, se é o caso, a oferta correspondente a cada lote.

En todo caso, admítase a presentación de unha oferta integradora para os dous lotes co fin de conseguir vantaxes que poderían derivarse.

Coa finalidade de garantir unha execución eficiente e favorecendo a actividade económica da pequena e mediana empresa, un mesmo licitador so poderá ser adxudicatario de mais de un lote, nalgunha das circunstancias precisadas na cláusula 6.2 deste PCAP.

Sexta.- Fíxase a terminación de cada contrato ou do contrato resultante da oferta integradora, no día 20 de xuño de 2022, como dies ad quem no que se cumpren catro anos deste a sinatura dos respectivos Convenios marco entre a Deputación e os Concellos de Pol (Lote 1) e A Fonsagrada (Lote 2). Respectase a duración máxima dos contratos de servizos prevista no artigo 29 da LCSP.

Sétima.- O valor estimado do contrato (cunha duración prevista dende o 1 de marzo de 2019 ata o 20 de xuño de 2022) é: o orzamento base de licitación sen IVA (3.926.301,33 €) máis un 10 % de posible modificación nas prestacións consonte ao establecido no artigo 204 da LCSP (392.630,13 €), sendo, segundo a cláusula 24 do PCAP, 4.318.931,46 €, co seguinte detalle: Lote 1 (CAM Pol): 2.279.925,86 € e Lote 2 (CAM A Fonsagrada): 2.039.005,60 €.

O orzamento base de licitación da contratación (artigo 99.6 da LCSP) é o seguinte:

LOTES	COSTES DIRECTOS		COSTES INDIRECTOS	BENEFICIO INDUSTRIAL (2%)	TOTAL ORZAMENTO 1º ANO S/IVA	IVA (4 %)	TOTAL ORZAMENTO 1º ANO C/IVA
	COSTE SALARIAL ANUAL	OUTROS COSTES DIRECTOS					
LOTE 1	408.887,29	77.039,37	15.624,97	10.031,03	511.582,66	20.463,31	532.045,97
LOTE 2	358.355,05	69.760,84	20.501,08	8.972,34	457.589,31	18.303,57	475.892,88
TOTAL ORZAMENTO 1º ANO					969.171,97	38.766,88	1.007.938,85

TOTAL ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	TOTAL S/IVA	IVA (4 %)	TOTAL C/IVA
TOTAL LOTE 1 - CAM POL	2.072.659,88	82.906,39	2.155.566,27
TOTAL LOTE 2 - CAM A FONSGRADA	1.853.641,45	74.145,66	1.927.787,11
TOTAL LICITACIÓN	3.926.301,33	157.052,05	4.083.353,38

O procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e a D. A. 3ª da LCSP, posto que a súa execución

comezará no exercicio de 2019 e financiase, parcialmente con aportacións doutras administracións (Concellos de Pol e A Fonsagrada).

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades de 2019, 2020, 2021 e 2022 (ata o 20 de xuño) as cantidades indicadas, nas aplicacións correspondentes.

A adxudicación queda sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financian esta contratación. Incorporarase pola Intervención o correspondente documento de retención de crédito.

Na fixación do devandito orzamento base de licitación coidouse que fora axeitado aos prezos de mercado e tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial e o IVE aplicable, de acordo co estipulado no artigo 100.2 e 102 da LCSP. Incorpórase informe de estimación de prezos unitarios para a presente contratación.

O prezo do contrato estará determinado mediante prezos unitarios: Euro/persoa/día e/ou unidade de tempo e prestacións específicas. Fíxanse na cláusula 4.3 do PCAP os parámetros prestacionais para a concreción do prezo contractual. O prezo contractual para cada Lote virá determinado pola suma dos prezos para cada ítem prestacional. So se pagarán os ítems efectivamente prestados aos usuarios. Fíxanse nesa mesma cláusula os parámetros específicos para a concreción do prezo, en función de umbrais de ocupación: factores de corrección ao abeiro do previsto no artigo 102.6 LCSP.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos, de conformidade co disposto no artigo 103 do LCSP, e na propia Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española; atendendo a natureza da prestación e a duración do contrato.

Oitava.- As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe da Sección de Benestar, que forma parte do expediente.

Novena.- Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Décima.- En canto aos recursos, debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que, nos contratos de servizos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do artigo 44), cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación contra as actuacións indicadas no apartado 2º.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do artigo 44, apartado 1º e 2º da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Undécima.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial”.

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención de Pol e A Fonsagrada, dividido en lotes (lote 1, Centro de Atención a Maiores de Pol e lote 2, Centro de

Atención a Maiores de A Fonsagrada), coa posibilidade de presentar oferta integradora e na modalidade de tramitación anticipada.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación e execución da contratación sinalada no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 3.926.301,33 euros, sobre os que se aplicará un IVE do 4% 157.052,05 euros, o que fai un total de 4.083.353,38 euros.

Segundo o Informe de Intervención de data 14 de decembro de 2018, o contrato financiarase de acordo ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE	LOTE 1-POL	LOTE 2-FONSAGRADA
2019	1.007.938,85 €	532.045,97 €	475.892,88 €
2020	1.226.814,20 €	647.649,44 €	579.164,76 €
2021	1.252.652,96 €	661.195,08 €	591.457,88 €
2022	595.947,37 €	314.675,78 €	281.271,59 €
TOTAL	4.083.353,38 €	2.155.566,27 €	1.927.787,11 €

5º.- Aprobar o gasto, como de tramitación anticipada, ao iniciarse a súa execución no exercicio 2019, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP en relación coa súa Disposición Adicional terceira, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financien á contratación (provinciais e municipais).

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2019, 2020, 2021 e 2022, financiamento, conforme o seguinte cadro:

ANUALIDADE	LOTE 1- POL	LOTE 2-FONSAGRADA	IMPORTE
2019	532.045,97 €	475.892,88 €	1.007.938,85 €
2020	647.649,44 €	579.164,76 €	1.226.814,20 €
2021	661.195,08 €	591.457,88 €	1.252.652,96 €
2022	314.675,78 €	281.271,59 €	595.947,37 €
TOTAL	2.155.566,27 €	1.927.787,11 €	4.083.353,38 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS APARATOS ELEVADORES DOS DISTINTOS EDIFICIOS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 12 de decembro de 2018, no que se recollen as seguintes consideracións:

“Consideracións Xurídicas

Primeira.- Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios da Deputación Provincial de Lugo.

Segunda.- O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Terceira.- Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Cuarta.- O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas). O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, por la que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, e ademais non susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP).

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativas e de prezo), reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

Quinta.- *Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99 da LCSP no informe do órgano xestor, nesta destácase que:*

- *As empresas licitadoras poderán ofertar unhas condicións máis vantaxosas economicamente se o fan polos nove centros no seu conxunto, que se se ofertan individualmente.*
- *Cunha soa empresa adxudicataria conséguese unha mellor xestión técnica no control e seguimento do contrato de mantemento.*
- *Dado o número de equipos a manter e os medios materiais e humanos necesarios para este mantemento, o feito de non dividir en lotes o obxecto do contrato, non impide o acceso á licitación ás pequenas e medianas empresas.*

Sexta.- *Visto que de conformidade coa da acta correspondente a sesión da mesa de contratación do 29 de outubro do 2018, deuse conta do informe da Xefa da Unidade do Rexistro Xeral data 18 de outubro de 2018, con nº de rexistro interno 4217, “Contratación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios desta Deputación Provincial”, ás seguintes empresas:*

<i>LICITADOR</i>
<i>SCHINDLER,SA</i>
<i>THYSSENKRUPP ELEVEVADORES. SLU</i>
<i>ZARDOYA OTIS,SA</i>
<i>A.EMBARBA SA</i>

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre “A”, documentación administrativa:

Sobre A – Documentación Administrativa

<i>EMPRESA</i>	<i>ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE</i>	<i>ANEXO II: DECL. ART. 42 C.C.</i>	<i>ANEXO III: DEUC</i>	<i>ANEXO II bis. CAPACIDADE</i>
<i>SCHINDLER,SA</i>	<u>X</u>	<u>X</u>	=	<u>X</u>
<i>THYSSENKRUPP ELEV. SLU</i>	<u>X</u>	<u>X</u>	=	<u>X</u>
<i>ZARDOYA OTIS,SA</i>	<u>X</u>	<u>X</u>	=	<u>X</u>
<i>A.EMBARBA SA</i>		<u>X</u>	<u>X</u>	<u>X</u>

Resultando que as empresas presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas e seladas, a mesa de contratación acorda, considerar adecuadamente presentada, polas empresas relacionadas, a documentación xeral (sobre A).

Seguidamente e desenvolto este primeiro trámite, procedeuse á apertura do sobre “B” dos licitadores concorrentes, relativos a proposta económica, sendo estes criterios os recollidos na cláusula décimo segunda do PCAP.

No mesmo acto procedeuse a valoración das ofertas presentadas, cos seguintes parámetros:

ANEXO V – PROPOSICIÓN ECONÓMICA		
	OF. ECONÓMICA (importe total 2 anos – sen IVE / con IVE)	MAIORES MEDIOS PERSOAS ASIG.
SCHINDLER,SA	7.235,28 / 8.754,69	-
THYSENKRUPP ELEV. SLU	5.388,00 / 6.519,48	5
ZARDOYA OTIS,SA	5.644,80 / 6.830,21	15
A.EMBARBA SA	6.590,40 / 7.974,38	3

	ANEXO VI	ANEXO VII
SCHINDLER,SA	2.422 / 2.211	2.422 / 39
THYSENKRUPP ELEV. SLU	26 / 25	2734 / 43
ZARDOYA OTIS,SA	16 / 16	3.200 / 24
A.EMBARBA SA	588 / 513	588 / 16

Da aplicación dos criterios de valoración de ofertas fixados no PCAP, todos eles de natureza obxectivos ou matemáticos, obtivéronse os seguintes resultados:

PUNTUACIÓN ECONÓMICA			
	OF. ECONÓMICA	MAIORES MEDIOS PERSOAS ASIG.	PUNTUACIÓN TOTAL
SCHINDLER,SA	67,02	0,00	67,02
THYSENKRUPP ELEV. SLU	90,00	10,00	100,00
ZARDOYA OTIS,SA	85,91	10,00	95,91
A.EMBARBA SA	73,58	10,00	83,58

Sétima.- Por resolución da Presidencia de data 22 de novembro de 2018, clasificouse aos licitadores por orde de puntuación e acordouse requirir á empresa THYSENKRUPP

ELEVADORES, SLU, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas

Oitava.- O día 23 de novembro de 2018, materializouse o requirimento á empresa THYSENKRUPP ELEVADORES, SLU, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento.

Novena.- A empresa THYSENKRUPP ELEVADORES, SLU., atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa efectuado.

Décima.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.“

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa, THYSENKRUPP ELEVADORES, SLU, a contratación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores dos distintos edificios da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 a cantidade 3.259,74 € e 3.259,74 € na anualidade 2020, nas aplicacións indicadas.



CENTRO	ANUALIDADE	IMPORTE
PALACIO PROVINCIAL	2019	1.490,17
	2020	1.490,17
MUSEO PROVINCIAL	2019	745,08
	2020	745,08
ESCOLA DE IMAXE E SON	2019	745,08
	2020	745,08
PAZO DE TOR	2019	279,41
	2020	279,41
SUMA	6.519,48	

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a executar por 5.388,00 €, aos que se engadirán 1.131,48 € euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 6.519,48 € o obxecto do contrato, cumprindo coas determinacións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta referente ao medios persoais adscritos a execución do contrato, 5 operarios de mantemento por encima dos esixidos nos pregos.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- O cumprimento do deber de adscribir os medios materiais e persoais mínimos adscritos á execución do obxecto do contrato e recollidos na cláusula 7.2 do PCAP e na cláusula décimo segunda do mesmo ou aqueles superiores que superen os mínimos contractuais.

- Remitir ao responsable do contrato, no prazo de 10 días dende a súa formalización, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo.

- A vixencia da póliza de Responsabilidade Civil que se alude no apartado 6 do PPT.

- A empresa adxudicataria cumprira rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal adscrito á execución do contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de dous anos, prorrogable por outros dous, contados dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio.

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

PRIMEIRO.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Antas de Ulla para a execución dos fins comúns consistentes na adquisición de vehículo novo de servizos. ano 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio interadministrativo de referencia:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla.

D. Javier Varela Pérez, Alcalde do Concello de Antas de Ulla achega escrito de solicitude de relación interadministrativa de cooperación (público-público) de data 15 de outubro de 2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo, complementado con posterioridade. Aporta memoria para a realización conxunta polo Concello de Antas de Ulla e a Deputación de Lugo, das actuacións consistentes en: “Adquisición de vehículo novo de servizos”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente: Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este equipamento; son en síntese, contribuír ao correcto cumprimento das competencias municipais en servizos básicos, entre o que se encontra a xestión de residuos sólidos urbanos. Con data 26/11/2018, engade a súa solicitude memoria detallada do investimento xunto con unha declaración responsable sobre a adicación do citado vehículo aos servizos básicos, financiamento da aportación municipal e compromiso de asumir os gastos de funcionamento.

No expediente consta, anexo I da solicitude os compromisos do concello, complementado por declaración “ah doc”, anexo II, sobre orzamento e financiamento precisábase, como outras fontes de financiamento (o lado do orzamento), unha achega da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Administración Local. Posteriormente en escrito de 26 de novembro, aclara que finalmente esta achega será asumida pola entidade local.

Con data 28 de novembro de 2018, presenta nova solicitude, cambiando os importes e o anexo de financiamento, no que xa se reflicte o financiamento da Deputación e do Concello, cun anexo ao que se incorpora unha declaración responsable explicativa.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Concello de Antas De Ulla e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar o fin común de Adquisición de vehículo novo de servizos, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar o seguinte investimento:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA ANTAS DE ULLA (con fondos propios)
ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO NOVO DE SERVIZOS	135.000,00	3.363,50
TOTAL		138.363,50

O concello de Antas de Ulla financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido, para a súa correcta execución. Terá o deber de asegurar, manter adecuadamente e adicar aos fins públicos causantes deste convenio “Vehículo novo, de servizos”.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre



que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, precisa a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos

durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
- b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
- c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.*
- e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*
- g) Réxime de modificación do convenio.*
- h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*
 - a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*
 - b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida

nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións puidieran recabar para o eficaz.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural, mellorando a calidade de vida das persoas que viven no rural; dotar ao medio rural e, en particular, aos núcleos de poboación, das infraestruturas e equipamentos públicos básicos necesarios.

Esta relación interadministrativa de carácter cooperativo, formalizado vía convenio, encarna unha acción colaborativa-relacional destinado a dotarse de un equipamento moble (vehículo), necesario para a prestación de servizos.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito". No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

En materia de residuos o art. 6 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de Residuos de Galicia, atribúe as deputacións as seguintes competencias: "1. Adoptar as medidas oportunas para asegurar, conforme o establecido na lexislación vixente en materia de administracións locais, a

colaboración precisa aos concellos na prestación do servizo de recolla e xestión de residuos urbanos, incluíndo estes servizos como de carácter preferente nos plans provinciais de obras e servizos.

2. Así mesmo, de acordo co contido dos plans de residuos e nos termos establecidos na lexislación de réxime local, poderán contribuír economicamente á elaboración e execución de plans comarcais e locais de xestión de residuos.”

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Antas de Ulla é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; j) Protección da salubridade pública.. (...). Entre estes equipamentos de servizo público é evidente a inclusión dos servizos básicos como a xestión de residuos e de protección as persoas.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais. A estes efectos, distinta normativa sectorial habilita competencialmente esta actuación que se converte nun dereito da veciñanza, a súa esixencia, de acordo co previsto no artigo 18 da propia LBRL.

O equipamento que contribúe o obxectivo material deste convenio, contribuirá a dar cumprimento as competencias municipais en materias de servizos básicos como pode ser a xestión de residuos sólidos urbanos, que teñen sustento na lexislación básica de réxime local, na

lexislación autonómica, sobre administración local (Lei 5/1997, do 22 de xullo), na lexislación estatal e galega, específica en materia de residuos, a saber:

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, cuxo obxecto precisa o artigo 1º: “Esta Lei ten por obxecto regular a xestión dos residuos impulsando medidas que preveñan a súa xeración e mitiguen os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente asociados á súa xeración e xestión, mellorando a eficiencia no uso dos recursos. Ten así mesmo como obxecto regular o réxime xurídico dos chans contaminados”

O artigo 12 desta mesma norma estatal, precisa as competencias administrativas, cuxo apartado 5º vai referido as entidades locais, nos seguintes termos: “Corresponde ás Entidades Locais, ou ás Deputacións Forais cando cumpra:

a) Como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido nesta Lei, das que no seu caso diten as Comunidades Autónomas e da normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor. A prestación deste servizo corresponde aos municipios que poderán levala a cabo de forma independente ou asociada.

b) O exercicio da potestade de vixilancia e inspección, e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

c) As Entidades Locais poderán:

1.º Elaborar programas de prevención e de xestión dos residuos da súa competencia.

2.º Xestionar os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os produtores destes residuos poidan xestionalos por si mesmos nos termos previstos no artigo 17.3. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión poderá impoñer, de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos produtores de residuos ao devandito sistema en determinados supostos.

3.º A través das súas ordenanzas, obrigar ao produtor ou a outro posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificultan a súa xestión a que adopten

medidas para eliminar ou reducir @dicha características ou a que os depositen na forma e lugar adecuados.

4.º Realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderán levar a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias Entidades Locais.”

- Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, salientando no artigo 2 os seus obxectivos, entre outros: “Ou obxectivo desta lei é ou de mellorar a calidade de vida da cidadanía de Galicia e alcanzar un alto nivel de protección do ambiente, dotando vos entes públicos competentes dous mecanismos de intervención e control necesarios para garantir unha axeitada xestión dous residuos e, en particular:

b) Protexer o ambiente sen crear riscos para a auga, o solo, a flora e a fauna..

e) Fomentar a recolla selectiva de residuos e mais a reutilización de produtos e materiais usados, a utilización de materiais reciclados e a súa posta no mercado, así como outras formas de valorización. Para tal fin, as normas de desenvolvemento e aplicación desta lei fixarán obxectivos concretos de redución cuantitativa e cualitativa.

l) Promover liñas de I+D cara á produción limpa en Galicia.”

No que respecta as competencias dos Concellos, nesta materia, o artigo 5 precisa: “1. As entidades locais serán competentes para a xestión dos residuos urbanos, nos termos previstos nesta lei e na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

2. En particular, correspóndelles aos municipios:

a) Prestar, por si sós ou asociados, os servizos derivados da xestión dos residuos urbanos ou municipais na forma que se estableza nas súas respectivas ordenanzas e, se for o caso, plans de xestión de residuos.

Os municipios xestionarán os servizos públicos de recolla, transporte, valorización e eliminación de residuos urbanos ou municipais de forma directa ou indirecta.

b) Implantar sistemas de recolla selectiva de residuos urbanos ou municipais que posibiliten a súa reciclaxe e outras formas de valorización.

c) Chegar a acordos con quen produza residuos comerciais para a consecución da súa correcta xestión.

d) *Elaborar os plans de xestión de residuos urbanos, de acordo co que, se for o caso, se estableza nesta lei e nos plans de residuos da Comunidade Autónoma de Galicia.*

e) *Xestionar adecuadamente os residuos urbanos ou municipais abandonados en vías ou espazos públicos de titularidade municipal.*

f) *Vixiar, inspeccionar e sancionar no ámbito das súas competencias.*

g) *Exercer as competencias que, se for o caso, lles sexan atribuídas con carácter temporal ou permanente polas administracións competentes, mediante acordos ou calquera outro instrumento administrativo. Este exercicio poderase levar a cabo directamente ou mediante a constitución e participación en entes supramunicipais ou doutra índole de entre os previstos no ordenamento xurídico.”*

As competencias das deputación provinciais, relaciónanse no artigo 6º, mencionada no fundamento sexto precedente coa seguinte literalidade: “1. Adoptar as medidas oportunas para asegurar, conforme o establecido na lexislación vixente en materia de administracións locais, a colaboración precisa aos concellos na prestación do servizo de recolla e xestión de residuos urbanos, incluíndo estes servizos como de carácter preferente nos plans provinciais de obras e servizos.

2. Así mesmo, de acordo co contido dos plans de residuos e nos termos establecidos na lexislación de réxime local, poderán contribuír economicamente á elaboración e execución de plans comarcais e locais de xestión de residuos.”

Oitavo.- O Concello de Antas de Ulla, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para o investimento, sendo responsabilidade do Concello de Antas de Ulla tanto a obtención das autorizacións, de ser do caso, que resulten necesarias para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a conservación e mantemento da maquinaria (no seu caso aseguramento), tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal

inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal. Na actualidade con “Carta de natureza” no dereito básico interno a través do art. 31 da propia Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP).

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Antas de Ulla, da Provincia e da cidadanía en xeral da actuación sinalada (Adquisición de vehículo novo de servizos), establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	ACHEGA ANTAS DE ULLA (con fondos propios ou procedentes de outras administracións distintas a Deputación Provincial)
2018	135.000,00€	3.363,50€

Concello de Antas de Ulla: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando a mobilidade da poboación e dos sectores económicos, xunto coa calidade urbana e medio ambiental.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de

colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

O concello de Antas de Ulla será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación (adquisición dun vehículo de servizos) como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo Segundo.- En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD). O indicado consonte ao precisado na circular de Secretaría Xeral do 2 de novembro de 2018, respecto da aplicación do citado regulamento.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Presidencia se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para a execución dos fins comúns consistentes na adquisición de vehículo novo de servizos, ano 2018, cun orzamento total de 138.363,50 €; a achega da Deputación ascende á contía 135.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 135.000,00€ con cargo ao vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

SEGUNDO.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de A Fonsagrada coa finalidade común de colaborar no “Acondicionamento e dotación de servizos en Avda. de Asturias, mellora de camiños e accesos en Barbeitos, Naraxa, Vilarín de Abaixo, Miñide e Tronceda e acondicionamento de acceso en Vilapiñol”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada, coa finalidade común de colaborar no Acondicionamento e dotación de servizos en Avda. de Asturias, mellora de camiños e accesos en Barbeitos, Naraxa, Vilarín de Abaixo, Miñide e Tronceda e Acondicionamento de acceso en Vilapiñol que dispón o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e O Concello de A Fonsagrada para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e dotación de servizos en Avda. de Asturias, mellora de camiños e accesos en Barbeitos, Naraxa, Vilarín de Abaixo, Miñide e Tronceda e acondicionamento de acceso en Vilapiñol.

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada.

D. Argelio Fernández Queipo, Alcalde do Concello de A Fonsagrada achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público), de data 26 de novembro de 2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memorias valoradas para a realización conxunta polo Concello de A Fonsagrada e a Deputación de Lugo, das actuacións de Acondicionamento e dotación de servizos en Avda. de Asturias, mellora de camiños e accesos en Barbeitos, Naraxa, Vilarín de Abaixo, Miñide e Tronceda e acondicionamento de acceso en Vilapiñol, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de A Fonsagrada e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Acondicionamento e dotación de servizos en Avda. de Asturias, mellora de camiños e accesos en Barbeitos, Naraxa, Vilarín de Abaixo, Miñide e Tronceda e acondicionamento de acceso en Vilapiñol. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN AVDA. DE ASTURIAS	65.620,55 €	0,00
MELLORA DE CAMIÑOS E ACCESOS EN BARBEITOS, NARAXA, VILARÍN DE ABAIXO, MIÑIDE E TRONCEDA	80.160,56 €	0,00
ACONDICIONAMENTO DE ACCESO EN VILAPIÑOL.	38.400,00 €	0,00
TOTAL	184.181,11€	0,00

O concello de A Fonsagrada achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargárase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala e mantela e dar o servizo á veciñanza que proceda, segundo a natureza e destino de cada unha das actuacións obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

b) *Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."*

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)"

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "deberán incluír, polo menos:

- i) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.*
- j) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.*
- k) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.*
- l) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.*
- m) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento*
- n) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.*

o) *Réxime de modificación do convenio.*

p) *Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:*

a. *Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.*

b. *En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.*

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o

auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do estado prestacional ao estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na

planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de A Fonsagrada é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con

poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”.

En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

En canto ao acondicionamento e dotación de servizos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de A Fonsagrada, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade do Concello de A Fonsagrada tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de A Fonsagrada, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:



ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE A FONSAGRADA
2018	184.181,11€	0,00€

Concello de A Fonsagrada: As obrigas de facer e no seu caso achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2018

O concello de A Fonsagrada será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública

horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo Segundo.- En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Acondicionamento e dotación de servizos en Avda. de Asturias, mellora de camiños e accesos en Barbeitos, Naraxa, Vilarín de Abaixo, Miñide e Tronceda e acondicionamento de acceso en Vilapiñol, cun orzamento total de 184.181,11 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 184.181,11 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

TERCEIRO.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Entidade Asociación de Pais e Persoas con trastornos xeneralizados do desenvolvemento Raiolas-Lugo, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Obras complementarias do proxecto de legalización e adecuación de edificio para Centro de Día para persoas con TEA necesarias por actos vandálicos durante o período 2016-2018”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Pais e Persoas con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento RAIOLAS-LUGO co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Obras complementarias do proxecto de legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA necesarias por actos vandálicos durante o período 2016-2018”, polo importe de 21.501,49 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2017.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017, en concreto, encádrase nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais da liña 3.2.1. Benestar Social, xestionada actualmente dende Benestar Social da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo, xa que na mesma se recolle como obxectivos contribuír a aumentar os niveis de benestar social da poboación da provincia de Lugo no sentido máis amplo (mellorando a súa calidade de vida, contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria de oportunidades para todos os colectivos, especialmente daqueles máis vulnerables, e na que os aspectos sociais teñan unha maior relevancia), intentando acadar un verdadeiro “estado de benestar”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa excepcional, por importe de 21.501,49 €, a favor da entidade Asociación de Pais e Persoas con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento RAIOLAS-LUGO para sufragar gastos derivados da actuación "Obras complementarias do proxecto de Legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA necesarias por actos vandálicos durante o período 2016-2018" subvención incluída nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais, da liña 3.2.1. Benestar Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 21.501,49 € con cargo ao vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da entidade Asociación RAIOLAS-LUGO Asociación de Pais e Persoas con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, para sufragar os gastos derivados da actuación "Obras complementarias do proxecto de Legalización e adecuación de edificio para centro de día para persoas con TEA necesarias por actos vandálicos durante o período 2016-2018" no ano 2018.

3º.- Aprobar o convenio canalizador no cal se instrumenta a citada subvención".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

CUARTO.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Federación de Asociaciones de comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade "Merca e Gaña Polo Nadal – Edición 2018".*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade “Merca e Gaña polo Nadal – edición 2018”, polo importe de 31.912,51€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir 15.956,25€ con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

- *Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.*

- *Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.*

- *Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.*

- *Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.*

- *Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.*

- *Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.*

- *Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.*

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017 e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivos, entre outros, os de acadar a competitividade empresarial e fomento do comercio local.

O obxecto que se persegue con esta subvención é dinamizar as vendas no comercio de proximidade da provincia de Lugo nas datas de Nadal 2018, incrementando a cota de mercado

deste tipo de comercio local (de proximidade), mellorando a súa competitividade, eficiencia e capacidade de adaptación ás novas correntes de consumo que operan na mercado.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 31.912,51€ a favor da entidade Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actividade “Merca e Gaña polo Nadal – edición 2018”, subvención incluída na Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 31.912,51€ con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar gastos derivados da actividade “Merca e Gaña polo Nadal – edición 2018”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

QUINTO.- *Proposta relativa a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na “Construción do centro de atención a persoas maiores no municipio”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 29 de xuño de 2018 e addenda nº 1 por acordo da Xunta de Goberno de data 7 de decembro de 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, no que literalmente se establece:

“I.- Antecedentes de feito:

I.- Con data 29 de xuño de 2018, aprobouse pola Xunta de Goberno o texto do convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, mediante a rehabilitación da “casa da Botica”, cun orzamento total de 1.200.000,00€; a achega desta Entidade provincial ascende a contía 1.000.000,00 € e 200.000,00 € polo concello de Guitiriz.

Nesa mesma sesión e acordo tamén se aprobara o gasto para o financiamento (por parte da Deputación Provincial) dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascendía á contía máxima de 1.000.000,00 €, correspondendo á anualidade 2018 o importe de 300.000,00€ e a anualidade 2019 o importe 700.000,00€.

O importe que asume o concello de Guitiriz na anualidade 2019, ascende a 200.000,00€.

A Deputación asumía no dito convenio, asinado o 3 de agosto de 2018, o compromiso de redactar e aportar o proxecto técnico para a contratación do centro residencial.

II.-Con data 7 de decembro de 2018, aprobouse pola Xunta de Goberno addenda ao anterior convenio, para recoller o financiamento axeitado ao proxecto de execución modificado de residencia de persoas da terceira idade (Guitiriz) para dedicala a centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, asinado polo arquitecto D. Luis Asorey Daviña, cun presuposto base de licitación 1.662.430,00 €, polo que se fixo necesario incrementar o financiamento do

convenio para dar cumprimento aos seus fins; e, visto o prazo de execución plantexado no proxecto (12 meses), tamén é necesario aumentar a vixencia do convenio.

Consta incorporado ao expediente, informe de intervención de data 7 de decembro de 2018, sobre o financiamento deste convenio.

III.- Na addenda nº 1 ao convenio, modifícase as cláusulas primeira, cuarta e sexta do citado convenio.

A cláusula primeira do convenio, sobre o obxecto contempla as respectivas achegas das partes, que debe ser modificada en función do presuposto base de licitación do “proxecto identificado como proxecto básico e de execución modificado de residencia para persoas da terceira idade”.

A cláusula 4ª o réxime económico coas aportacións anuais.

A cláusula 6ª, a duración do convenio interadministrativo

IV.- Advertiuse pola Secretaría do Concello de Guitiriz, a oportunidade de modificar a data límite sinalada na cláusula terceira (3.1.6. Obrigas da Deputación). Así onde di:

“Licitar, rematar e recibir as obras do centro de atención a persoas maiores, na data límite do 31 de maio de 2019, que se executarán nas parcelas con referencia catastral 9917430NH8891N0001XB e 9917431NH8891N0001IB.”

Debe dicir:

“Licitar, rematar e recibir as obras do centro de atención a persoas maiores, na data límite do 31 de maio de 2020, que se executarán nas parcelas con referencia catastral 9917430NH8891N0001XB e 9917431NH8891N0001IB.”

Esta modificación, en realidade un erro, na coherencia do clausulado ao modificar a cláusula sexta e olvídase a terceira (apartado 3.1.6), débese ao prazo de execución previsto no proxecto de un ano

O citado convenio contempla:

Por unha banda, na cláusula sétima, a posibilidade da súa modificación, co seguinte tenor:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

IV.- Resulta necesario adaptar o convenio as novas necesidades de prazo de execución das obras, de 12 meses, sinalado no proxecto técnico.

Xa que nos atopamos no mes de decembro de 2018, atendendo ás tramitacións administrativas necesarias para a licitación, adxudicación, comprobación do replaneamento, resulta que a execución -no prazo previsto no proxecto- pode estenderse ao ano 2020. Esta modificación trata de evitar discordancias no contido das cláusulas do convenio.

Deste xeito, a cláusula terceira, queda redactada da seguinte maneira:

“Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

- 1. Efectuar o financiamento previsto na cláusula “cuarta”.*
- 2. Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do centro residencial.*
- 3. Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento, agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas e títulos municipais habilitantes para o apertura e exercicio da actividade do centro residencial.*
- 4. Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción e liquidación do contrato para construír o centro residencial,*

obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

5. Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

6. Licitar, rematar e recibir as obras do centro de atención a persoas maiores, na data límite do 31 de maio de 2020, que se executarán nas parcelas con referencia catastral 9917430NH8891N0001XB e 9917431NH8891N0001IB.

7. Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos nos artigos 243 e concordantes da Lei 9/2018, do 8 de novembro (LCSP).

8. Convidar á representación institucional do Concello de Guitiriz aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

9. Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

10. Comunicar o acordo polo que se aproba este convenio ao Concello de Guitiriz.
(...)”

Consideracións

Primeira.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segunda.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido: colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de

Galicia. Este sistema cooperativo vese confirmado polo artigo 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en tanto que regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, articula, neste caso a través de un convenio guiado por consideracións de interese público. Neste sentido, o parágrafo segundo deste artigo 31 contempla a posibilidade de que as entidades pertencentes ao sector público poidan acadar a realización conxunta de contratacións específicas (...).

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. A cooperación organizada a través do convenio que se modifica, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Terceira.- En canto os títulos competenciais en materia de servizos sociais, ademais dos xenéricos da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre

citar a lexislación sectorial autonómica, Lei de servizos sociais de Galicia, cuxo art. 64 bis introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, do Parlamento de Galicia, de medidas fiscais e administrativas, referente a promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais, a través da formalización de convenios administrativos de colaboración entre a administración autonómica(...) e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

E encanto os títulos competencias da Deputación Provincial a nivel da LSSG, 13/2008, cuxo artigo 63 en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Resultan plenamente aplicables os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 28 de xuño de 2018, emitido a efectos da súa aprobación.

Cuarta.- Na cláusula sexta do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concellos de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, mediante a rehabilitación da “casa da Botica”, aprobado pola Xunta de Goberno de data 29 de xuño de 2018, establécese a vixencia do mesmo ata o 31 de decembro de 2019. A cláusula quinta do mesmo dispón : “(...)“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”; con estas determinacións, a modificación pretendida do convenio podería levarse a cabo cumpríndose coa regulación legal establecida ao respecto, e as

propias estipulacións conveniadas, salientando que non xera maiores obrigas económicas que o convenio modificado.

O art. 49 letra g) da Lei 40/2015, do 1 outubro, LRXP, precisa que réxime da modificación se pode incorporar o contido do convenio, tal e como sucede ca antedita cláusula.

Quinta.- O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

Sexta.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD), en aplicación do regulamento orgánico publicado no BOP do 10 de marzo de 2011 e de conformidade coa circular de Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se faga constar a modificación identificada no presente informe, dadas as razóns de interese xeral expostas, necesario para alcanzar os fins e obxectivos perseguidos co aquel sistema de cooperación (acción colaborativa).

Dado que a primeira addenda esta sen asinarse en tanto no se remita a aprobación polo concello de Guitiriz, cabería refundir un único texto as modificación introducidas na addenda primeira e na addenda segunda.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a cláusula terceira do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Aprobar un texto refundido que recolla ambas addendas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

SEXTO.- *Proposta relativa a Addenda ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Diocese Mondoñedo-Ferrol, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 12 de decembro de 2018, conformado pola Secretaria Xeral no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Modificación do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Diocese Mondoñedo-Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017.

En relación co asunto de referencia, vista a solicitude efectuada polo párroco de Santiago de Celeiro, procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 9 de febreiro de 2018 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

a) “Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 80.004,01€, a favor de Diócesis Mondoñedo-Ferrol, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017 – 2019.

b) Aprobar o gasto 80.004,01€ con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Diócesis Mondoñedo-Ferrol, para sufragar gastos derivados do proxecto de “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro”.

c) Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con esta proposta”.

Segundo.- O Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Diocese Mondoñedo-Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, formalizouse o 6 de marzo de 2018

Terceiro.- No devandito convenio establécese o seguinte:

- Cláusula primeira.-Obxecto do convenio.

“Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a colaboración de fomento entre a Entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo coa finalidade de que o Organismo Provincial subvencione a esta Entidade beneficiaria cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados da execución da proxecto de “Reforma cuberta e

fachada Parroquia de Celeiro” como así consta na memoria descritiva presentada con rexistro de entrada 33262 de data 13 de novembro de 2017”.

- *Cláusula terceira.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.*

O orzamento total, inicialmente previsto, de execución das actuacións ascende á cantidade total de 102.071,97€ € de acordo co orzamento achegado coa solicitude que obra no expediente.

(...)

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de agosto de 2018.

(...)”

- *Cláusula undécima.- Prazos de xustificación.*

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de outubro de 2018. (...)”.

Cuarto.- O párroco de Santiago de Celeiro remitiu escrito, o 7 de decembro de 2018 con número de rexistro de entrada 32977, ao Servizo de Contratación e Fomento no que se establece literalmente o seguinte:

“Con motivo do retraso na chegada de material para levar a cabo a obra do falso teito de madeira no noso templo, solicita unha modificación no convenio suscrito entre a Deputación de Lugo e a Diócese de Mondoñedo-Ferrol –“Reforma cuberta e fachada da igrexa de Celeiro (Viveiro)”- A dita modificación consiste en ampliar ata o 4 de marzo de 2019 o prazo de execución e xustificación de obra”.

Deste xeito e, tomando en consideración o reflectido na solicitude sobre a imposibilidade de poder cumprir cos prazos establecidos no convenio por causas alleas á vontade da Diócese Mondoñedo-Ferrol, preténdese a modificación das seguintes cláusulas do convenio asinado en

data 6 de marzo de 2018, precisamente para remover esa dificultade, quedando redactadas do seguinte xeito:

- Na súa cláusula Terceira: “(...) Consideraranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 4 de marzo de 2019.”

- Na cláusula undécima: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 4 de marzo de 2019. (...)”.

Consideracións

Primeira.- O artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón que se poderán conceder de forma directa ás seguintes subvencións:

“(...) c).-Con carácter excepcional, aquelas outras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública”.

Segunda.- De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local son competencias propias da Deputación, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Este é o caso da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece no seu artigo 118 que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento do mesmo.

Debe tomarse en consideración ademais, no relativo a non consideración como exercicio de novas competencias, o establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio de medidas

urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. A maior abastanza, esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais, ás cales fanse referencia no informe de concesión da subvención.

Terceira.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

Cuarta.- No artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, se establece que:

“Cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable”.

Quinta.- O párroco de Santiago de Celeiro remitiu escrito o 7 de decembro de 2018 con número de rexistro de entrada 32977, ao Servizo de Contratación e Fomento no que se establece literalmente o seguinte:

“Con motivo do retraso na chegada de material para levar a cabo a obra do falso teito de madeira no noso templo, solicita unha modificación no convenio suscrito entre a Deputación de Lugo e a Diócese de Mondoñedo-Ferrol –“Reforma cuberta e fachada da igrexa de Celeiro (Viveiro)”- A dita modificación consiste en ampliar ata o 4 de marzo de 2019 o prazo de execución e xustificación de obra”.

Considerando que a solicitude presentada supón a vontade por parte da Diocese de Mondoñedo-Ferrol de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento.

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

Sexta.- Na cláusula décima –vixencia- do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Diocese Mondoñedo-Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017 establécese que

“

“O presente convenio se perfecciona pola prestación do consentimento das partes.

A vixencia do convenio será ata o 31 de decembro de 2018, comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o día 01 de xaneiro de 2017, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo os asinantes poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio, por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.”

Polo que o convenio está vixente e pode modificarse por acordo das partes

Sétima.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, posto que lle é de aplicación a lexislación de subvencións.

Oitava.- En canto ao órgano competente do ente provincial para a modificación do convenio no que se instrumenta a subvención directa excepcional de referencia é a Xunta de Goberno da Deputación, en base ao establecido no artigo 59 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (publicado no BOP de Lugo núm. 56, de 10 de marzo de 2011) e por ser este o órgano que aprobou a mesma, e na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2018, que aínda que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 18.000,00€ debe estarse ao establecido na nova Lei de contratos que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€, polo que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00€. A aplicación do regulamento publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, baséase na circular da Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se fagan constar as modificacións identificadas no presente informe, dadas as razóns de interese xeral expostas.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

Aprobar a Addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Diocese Mondoñedo-Ferrol para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Reforma cuberta e fachada parroquia de Celeiro” na anualidade 2017, incorporada ao expediente, e por medio da cal se modifican as cláusulas Terceira e Undécima do convenio, quedando redactadas do seguinte xeito e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia:

- Cláusula Terceira: “(...) Consideraranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 4 de marzo de 2019.”

- Cláusula undécima: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 4 de marzo de 2019. (...)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

SEPTIMO.- *Proposta relativa á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o Concello de Sarria para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora e mantemento do polideportivo do Chanto “José Mario González”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o concello de Sarria, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: *Mellora e mantemento do Polideportivo do Chanto “José Mario González”*, que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 15 de decembro de 2017, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora e mantemento do Polideportivo do Chanto “José Mario González”, sendo asinado dito convenio en data 26 de decembro de 2017.

Segundo.- En data 30 de agosto de 2018, pola Xunta de Goberno aprobouse a modificación do amentado convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria, sendo asinada dita modificación o 14 de setembro de 2018, fixándose na mesma a data límite do 30 de novembro de 2018 para executar e xustificar os investimentos incluídos no obxecto do convenio.

Terceiro.- Don Efrén Castro Caloto, Concelleiro Delegado de Medio Rural, Cemiterio, Participación cidadá e Deportes do Concello de Sarria, achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con data 04 de decembro de 2018 (saída do concello de data 28-11-2018, e con selo de correos de data 29-11-2018), a través do que manifesta “... existe un pequeno retraso no inicio da instalación da pista polideportiva que está provocado, segundo comunicou a empresa adxudicataria, polas demoras sufridas no subministro de materiais esenciais para realizar a actuación ...”.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

c) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbeis, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta as materias a recoller, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b)

Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Sarria é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); e tamén materias como urbanismo ou medio ambiente urbano.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade;

calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de Sarria, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse por esa administración municipal a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Sarria tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben. Acción colaborativa reflectida tamén no artigo 31 da LCSP en tanto que se ocupa da potestade de autoorganización e do sistema de cooperación neste suposto horizontal, sen que o resultado se cualifique de contractual.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O Concello de Sarria será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación lexislación en materia de contratos:

a) Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”

b) Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a

lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia aplicable como criterio interpretativo e de integración normativa aos convenios de colaboración nos que participe a comunidade autónoma.

Décimo Primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2018, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo. Así mesmo o convenio na súa cláusula sexta indica “... poderá modificarse por mutuo acordo das partes... sempre que dito convenio este vixente (...) mediante addenda ao mesmo”.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación segunda do convenio, para que o prazo para executar as actuacións quede fixada no 17 de decembro de 2018 e a data límite para

presentar a conta xustificativa, coa documentación sinalada na cláusula cuarta, apartado B, quede fixada no 20 de decembro de 2018.

Décimo Segundo.- En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Sarria, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: *Mellora e mantemento do Polideportivo do Chanto “José Mario González”*, de tal xeito que:

1º.- O prazo para executar os investimentos incluídos no convenio quede fixado na data límite do 17 de decembro de 2018.

2º.- O prazo para achegar a conta xustificativa (coa documentación establecida na cláusula cuarta, apartado b), quede fixada na data límite do 20 de decembro de 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

OITAVO.- *Rectificación de erro material detectado na proposta para aprobar o convenio específico para a prestación compartida de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: Acción Pública colaborativa horizontal (Xunta de Goberno do 30 de novembro de 2018).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

1.- Proposta de Presidencia de data 29 de novembro de 2018, para aprobar convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal.

2.- Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria desenvolvida o día 30 de novembro do 2018, polo que se aproba a proposta antedita.

Consideracións Xurídicas

Primeira.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria desenvolvida o día 30 de novembro do 2018, acordou aprobar o convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal.

Segunda.- O Servizo de Contratación e Fomento, de oficio, detectou un erro material na consideración xurídico-administrativa quinta, parágrafo primeiro, da devandita proposta, consistente en que onde di:

“Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación a cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento

conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación dun servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de Ribadeo”.

Debe dicir:

“Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación a cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación de un servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de A Fonsagrada”.

Este erro de transcripción resulta ostensible da propia documentación incorporada ao expediente administrativo, sen necesidade de efectuar ningún xuízo de valor. No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenza 218/1999, do 29 de novembro) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 6092/2005), que afirma o seguinte:

“Los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el

error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones. Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa."

Por canto antecede, proponse a xuízo do que asina, que pola Xunta de Goberno se acorde a rectificación do erro material detectado na Proposta de Presidencia de data 29 de novembro de 2018, para aprobar convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores da Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal:

Na consideración xurídico-administrativa quinta, parágrafo primeiro, da devandita proposta,

Onde di:

“Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación a cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación de un servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de Ribadeo”.

Debe dicir:

“Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación a cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o

desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación de un servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de A Fonsagrada”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

NOVENO.- *Rectificación de erro material detectado na proposta para aprobar o convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal (Xunta de Goberno do 30 de novembro de 2018).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Proposta de Presidencia de data 29 de novembro de 2018, para aprobar convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal.

Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria desenvolvida o día 30 de novembro do 2018, polo que se aproba a proposta antedita.

Consideracións Xurídicas

Primeira.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria desenvolvida o día 30 de novembro do 2018, acordou aprobar o convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal.

Segunda.- O Servizo de Contratación e Fomento, de oficio, detectou un erro material na consideración xurídico-administrativa quinta, parágrafo primeiro, da devandita proposta, consistente en que onde di:

“Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación á cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación dun servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de Ribadeo”.

Debe dicir:

“Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación a cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación de un servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de Pol”.

Este erro de transcripción resulta ostensible da propia documentación incorporada ao expediente administrativo, sen necesidade de efectuar ningún xuízo de valor. No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenza 218/1999, do 29 de novembro) e do Tribunal

Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte:

“Los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones. Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa”

Por canto antecede, propónse a xuízo do que asina, que pola Xunta de Goberno se acorde a rectificación do erro material detectado na Proposta de Presidencia de data 29 de novembro de 2018, para aprobar convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pol, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal:

Na consideración xurídico-administrativa quinta, parágrafo primeiro, da devandita proposta:

Onde di:

“Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación á cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación de un servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de Ribadeo”.

Debe dicir:

“Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación a cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación dun servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de Pol”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE CASTROVERDE E BARREIROS, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Castroverde e Barreiros, nos que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establecece “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

Os concellos de Castroverde e Barreiros, achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se indican as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se indican:

Concello de Barreiros

O Concello de Barreiros presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
24	REMATE E REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS EXISTENTES NO CENTRO DE SAN MIGUEL DE REINANTE	7.277,19€

Así mesmo, por escrito de data 28 de novembro de 2018, e posterior aclaracións o concello solicita a aplicación destas baixas, tendo en conta o indicado na base 13 “... na mesma finalidade e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina

á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
OBRAS COMPLEMENTARIAS DO REMATE DE BEIRARRÚAS EXISTENTES NO CENTRO DE SAN MIGUEL DE REINANTE	7.277,19€	307,34€	7.584,53€

Concello de Castroverde

O Concello de Castroverde presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
59	ACONDICIONAMENTO E MELLORA MEDIANTE FORMIGONADO DE ACCESOS A O MAZO (SAN CIBRAO DE MONTECUBEIRO) CO LÍMITE DO CONCELLO DE POL; A MEDA, TRASCASTRO (MASOUCOS); FRANCELOS (SAN XOAN DE BARREDO) E CELLÁN DE CALVOS, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS.	1.500,00€
60	ACONDICIONAMENTO E MELLORA POR REXENERACIÓN DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE PIÑEIRO (SANTA MARÍA DA PENA); FOXOS E SAN CIBRAO (SAN CIBRAO DE MONTECUBEIRO); GRACIAN CO LINDE CO T.M. DE O CORGO, SAMPAIO DE ABAIXO (SAMPALDO DE ARCOS); OUTEIRO (SANTA MARÍA DO MONTE) E SAN MIGUEL (SAN MIGUEL DO CAMIÑO), (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS.	13.298,70€
61	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ACCESOS AO NÚCLEO DE ESPASANDE, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	15.585,93€
62	AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN DE SOLAR NA RÚA ALCALDE XETAS, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	4.000,00€



Así mesmo, por escrito de data 15 de novembro de 2018, e posterior aclaración, o concello solicita a aplicación destas baixas, tendo en conta o indicado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
ACONDICIONAMENTO DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE CELLÁN DE CALVOS, VILALLE, PUMAREGA, TÓRDEA, TRASHORRAS, SAN MIGUEL E BARREIROS	34.384,63€	4.217,37€	38.602,00€

Tendo en conta a solicitude dos concellos anteriormente indicados, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das bases reguladoras do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos concellos, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Á vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Castroverde e Barreiros, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos

investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

IDENTIFICACIÓN		FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	<i>OBRAS COMPLEMENTARIAS DO REMATE DE BEIRARRÚAS EXISTENTES NO CENTRO DE SAN MIGUEL DE REINANTE</i>	<i>7.277,19€</i>	<i>307,34€</i>	<i>7.584,53€</i>
CASTROVERDE	<i>ACONDICIONAMENTO DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE CELLÁN DE CALVOS, VILALLE, PUMAREGA, TÓRDEA, TRASHORRAS, SAN MIGUEL E BARREIROS</i>	<i>34.384,63€</i>	<i>4.217,37€</i>	<i>38.602,00€</i>

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE VIVEIRO, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



En relación co escrito da Alcaldía dos Concello de Viveiro, no que solicita prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 26 de outubro de 2018 acordouse outorgarlle, ao concello de Viveiro, prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, nos termos que se sinalan:

Nº	INVESTIMENTO	CONCELLO	PRAZO ATA:
301	ADQUISICIÓN VEHÍCULOS: CAMIÓN, FURGONETA E VEHÍCULO LIXEIRO MULTIUSOS	VIVEIRO	30-12-2018
302	AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO DE TOXEIRAS (LANDROVE)		30-12-2018
303	PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS ENTRE OS Nº 96 E 102 DA RÚA GRANDE (CELEIRO)		30-12-2018
304	PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS RÚA A CALEXA (CELEIRO)		30-12-2018
305	ACONDICIONAMENTO E MELLORA PASEO MARÍTIMO COVAS EN TRAMO FRENTE A OS CASTELOS (COVAS)		30-12-2018
306	ACONDICIONAMENTO E MELLORA BEIRARRÚAS DE ACCESO A LODEIRO		30-12-2018
307	REPOSICIÓN BEIRARRÚAS NO PRIMEIRO TRAMO DA RÚA CIDADE DE ORTIGUEIRA (COVAS)		30-12-2018

A Alcaldía do concello de Viveiro solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Viveiro:

O concello de Viveiro incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

VIVEIRO	301	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN VEHÍCULOS: CAMIÓN, FURGONETA E VEHÍCULO LIXEIRO MULTIUSOS				
		FINANCIACIÓN	102.000,00	0,00	102.000,00		X
	302	IDENTIFICACIÓN	AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO DE TOXEIRAS (LANDROVE)				
		FINANCIACIÓN	43.927,20	3.333,33	47.260,53	X	
	303	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS ENTRE OS Nº 96 E 102 DA RÚA GRANDE (CELEIRO)				
		FINANCIACIÓN	34.977,29	3.333,33	38.310,62		X
	304	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS RÚA A CALEXA (CELEIRO)				
		FINANCIACIÓN	60.688,03	3.333,35	64.021,38		X
	305	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO E MELLORA PASEO MARÍTIMO COVAS EN TRAMO FRENTE A OS CASTELOS (COVAS)				
		FINANCIACIÓN	40.293,62	3.333,33	43.626,95	X	
	306	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO E MELLORA BEIRARRÚAS DE ACCESO A LODEIRO				
		FINANCIACIÓN	19.841,06	3.333,33	23.174,39		X
	307	IDENTIFICACIÓN	REPOSICIÓN BEIRARRÚAS NO PRIMEIRO TRAMO DA RÚA CIDADE DE ORTIGUEIRA (COVAS)				
		FINANCIACIÓN	40.272,80	3.333,33	43.606,13		X

A Alcaldía do Concello de Viveiro, a través de escrito de data 05 de decembro de 2018, solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “pendente de autorizacións de Augas de Galicia e a adquisición de vehículos, licitado en tres lotes, resultando desertos dous lotes, resultaron desertos dous deles polo que hai que proceder a unha nova licitación (...)” ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN	
301	ADQUISICIÓN VEHÍCULOS: CAMIÓN, FURGONETA E VEHÍCULO LIXEIRO MULTIUSOS	30-04-2019
302	AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO DE TOXEIRAS (LANDROVE)	30-04-2019

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do concello de Viveiro, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, “os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da nova prórroga ao Concello de Viveiro para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, incluídos no Plan único 2018, e ata o prazo solicitado.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Viveiro, e en consecuencia, concederlle unha nova prórroga para a adxudicación dos investimentos indicados deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV).

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
301	ADQUISICIÓN VEHÍCULOS: CAMIÓN, FURGONETA E VEHÍCULO LIXEIRO MULTIUSOS	VIVEIRO	30-04-2019
302	AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO DE TOXEIRAS (LANDROVE)		30-04-2019

2º.- Dar traslado do presente ao Concello de Viveiro para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA GUITIRIZ.- “CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIA DE ATENCIÓN A PERSOAS DA TERCEIRA IDADE”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Antecedentes

- I. Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz, aprobado pola Xunta de Goberno en data 29 de xuño de 2018 e asinado en data 03 de agosto de 2018, para a execución dos fins comúns consistentes na “Construcción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz”, e modificación aprobada pola Xunta de Goberno en data 07 de decembro de 2018, do que trae causa esta licitación, e proposta de modificación en canto á precisión, por coherencia, dos prazos de licitación e execución.*
- II. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras de: GUITIRIZ.- Construcción de residencia de atención a persoas da terceira idade, redactado polo Arquitecto Don Luís Asorey Daviña*
- III. Documento xustificativo da necesidade da contratación.*
- IV. Informe favorable de supervisión do proxecto de data 22 de novembro de 2018.*
- V. Orde de inicio de procedemento de contratación*
- VI. Solicitud de consignación orzamentaria á Intervención Provincial.*
- VII. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborados polo Servizo de Contratación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.*

VIII. *Memoria xustificativa*

IX. *Informe de necesidades de medios persoais e materiais para a execución da obra.*

Lexislación Aplicable

- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.*
- *Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo (LXCA).*
- *Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas*

- *Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.*
- *Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*
- *Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello*
- *Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.*

Consideracións Xurídicas

Primeira.- Incoase expediente administrativo número coa finalidade de proceder á contratación da obra GUITIRIZ.- Construción de residencia de atención a persoas da terceira idade. O proxecto técnico da obra, titulado “Proyecto de ejecución modificado Residencia para personas de la 3ª edad”, está redactado polo Arquitecto D. Luís Asorey Daviña, e foi supervisado tecnicamente, aos efectos do artigo 235 da LCSP, polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, segundo informe de data 23 de novembro de 2018.

Segunda.- O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato de obras recollido no artigo 13 LCSP, que establece que: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Terceira.- Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, incorporándose informe específico suscrito polo Arquitecto do Servizo de Cooperación aos Concellos, D. Pablo Rodríguez Fernández, en canto a que os prezos son de mercado.

Cuarta.- O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo artigo 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctanse debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda e consonte ao establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Quinta.- Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente.

Sexta.- As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 13 de decembro de 2018, financiaranse de acordo coas anualidades seguintes:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
2018	285.418,79€	0,00€	285.418,79€
2019	700.000,00€	200.000,00€	900.000,00€
2020	477.011,21€	0,00€	477.011,21€
TOTAL	1.462.430,00€	200.000,00€	1.662.430,00€

De conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP, en relación coa D.A. 3ª do mesmo texto legal, o gasto plurianual queda suxeito ás limitacións propias da normativa presupuestaria e de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A adxudicación queda sometida a condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos financeiros procedentes do Concello de Guitiriz (200.000,00€ con cargo ao exercicio 2019, segundo o convenio interadministrativo de cooperación indicado nos antecedentes deste informe).

Sétima.- En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Arquitecto D. Luís Asorey Daviña, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Oitava.- Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Novena.- Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 12 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución. Este prazo pode ser reducido polos licitadores ao recollerse como criterio de adxudicación.

Décima.- Na Acta de reformulo previo estendida con data 23 de novembro de 2018, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica e topográfica do terreo coa que figura no proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e que pola Alcaldía do Concello de Guitiriz se fai constar a plena dispoñibilidade dos terreos precisos para a execución das expresadas obras.

Décimo Primeira.- De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Décimo Segunda.- De conformidade de acordo co disposto no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no Artigo 46 do Regulamento Orgánico desta Deputación, publicado no BOP do 26 de xullo de 2018, en relación coa delegación de atribucións na Xunta de Goberno, de data 26 de xullo de 2018, (publicada no BOP do 27 de xullo de 2018), e circular da Secretaría Xeral de data 30 de xullo de 2018; así como co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”

Visto así mesmo a conformidade da Secretaria Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: GUITIRIZ.- Construción de residencia de atención a persoas da terceira idade, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sin reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sin que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.662.430,00 €, dos cales 151.130,00 € corresponden ao IVE (10%).

Segundo o informe de intervención de data 13 de decembro de 2018, o contrato financiarase de acordo ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
2018	285.418,79€	0,00€	285.418,79€
2019	700.000,00€	200.000,00€	900.000,00€
2020	477.011,21€	0,00€	477.011,21€
TOTAL	1.462.430,00€	200.000,00€	1.662.430,00€

4º.- Aprobar o gasto, como de tramitación anticipada, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP en relación coa súa Disposición Adicional terceira, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financien á contratación (municipais).

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

8.- TERCEIRO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO PARA A SELECCIÓN DE EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE EMULSIÓN ASFÁLTICA TIPO C65B3 (ANTIGA ECR-2), PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes consideracións xurídicas:

A disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, pola que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, establece que:

1. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior. (...)

5. Os contratos baseados en acordos marco ou en sistemas dinámicos de adquisición rexeranse pola normativa aplicable a estes.(...)

Posto que o acordo de adxudicación do Acordo Marco para a selección de empresas subministradoras de emulsión asfáltica tipo C65B3 (antiga ECR-2) foi adoptado pola Xunta de Goberno en data 10 de xuño de 2016, é de aplicación o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP).

II.- O artigo 198 do TRLCSP regula a adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco. Este contrato solo pode celebrarse entre ós órganos de contratación e as empresas que fosen orixinariamente parte naquel acordo marco (art. 198.1).

O parágrafo 4º deste art. 198, para os supostos en que o acordo marco se celebre con varios empresarios determina que, a adxudicación dos contratos, nel baseados, efectuarase aplicando os termos fixados no propio acordo marco, sen necesidade de convocar ás partes a unha nova licitación. Non obstante, cando non tódolos termos se atopen establecidos no acordo marco, a adxudicación dos contratos derivados, efectuarase convidando ás partes a unha nova licitación, tomando como base os mesmos termos, formalizándose de maneira máis precisa se fose necesario e outros termos aos que se refira as especificacións do acordo marco, consonte co seguinte procedemento:

a) *Por cada contrato que teña que adxudicarse, se consultará por escrito a todas as empresas capaces de realizar o obxecto do contrato; no obstante, cando os contratos a adxudicar no estean suxeitos, por razón do seu obxecto e contía, a procedemento harmonizado, o órgano de contratación poderá decidir, xustificándoo debidamente en expediente, non estender esta consulta á totalidade dos empresarios que sexan parte do acordo marco, sempre que, como mínimo, solicite ofertas a tres de eles.*

b) *Concederáse un prazo suficiente para presentar as ofertas relativas a cada contrato específico, tendo en conta factores tales como a complexidade do obxecto do contrato e o tempo necesario para o envío da oferta.*

c) *As ofertas presentaranse por escrito e o seu contido será confidencial ata o momento fixado para a súa apertura.*

d) *De forma alternativa ao sinalado nas letras anteriores, o órgano de contratación poderá abrir unha subasta electrónica para la adxudicación do contrato conforme ao establecido no artigo 148.*

e) *O contrato adxudicarase ao licitador que teña presentado a mellor oferta, valorada segundo os criterios detallados no acordo marco.*

f) *Se o estima oportuno, o órgano de contratación poderá decidir a publicación da adxudicación conforme ao previsto no artigo 154.*

III.- No caso que nos ocupa, o prego de cláusulas administrativas para a celebración do acordo marco tamén regula de xeito pormenorizado os contratos derivados, no apartado de cláusulas particulares dos contratos derivados, en particular as invitacións, establecendo a cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas o seguinte:

Por cada contrato que haxa de adxudicarse, consultarase por escrito a todas as empresas adxudicatarias do acordo marco. A tales efectos cursarase convite a todas as empresas adxudicatarias, concedéndolles para a presentación de ofertas, de conformidade co apartado b do artigo 198.4 do TRLCSP, un prazo de 15 días naturais, a contar dende a data de envío do convite por correo electrónico que será coincidente coa data de publicación de anuncio de apertura de prazo de presentación de ofertas no perfil do contratante. Os convites remitiranse unicamente á dirección de correo electrónico e/ou fax facilitado polos licitadores. O mesmo día de remisión da

carta de convite procederase a publicar no perfil do contratante anuncio de apertura de prazo de presentación de ofertas, no que se recollerá o prezo unitario máximo.

IV.- A adxudicación deste acordo marco (ex artigo 197 do TRLCSP), habilita a tramitación do procedemento de adxudicación dos contratos baseados no acordo marco (contratos derivados), de conformidade co establecido no artigo 198 do TRLCSP.

V.- Tendo en conta que o segundo contrato derivado deste acordo marco formalizouse o día 17 de xaneiro de 2018, coa empresa PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L., por un prazo de seis meses. Considerando que na cláusula vixésimo terceira do prego reitor se recolle que cada un dos contratos derivados terá unha duración máxima de 6 meses, a contar dende a sinatura da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto, da data de sinatura do contrato, prazo que poderá prorrogarse no caso de non estar adxudicado o seguinte contrato derivado, sen que a duración total do mesmo, incluída a prórroga, exceda de un ano. O día 29 de xuño de 2018, o Sr. Presidente resolveu prorrogar o segundo contrato derivado do acordo marco para a selección de empresas subministradoras de emulsión asfáltica tipo C65B3, por un prazo de seis meses ou un prazo inferior en caso de terse formalizado con anterioridade o terceiro contrato derivado. Esta prórroga vence o 17 de xaneiro de 2019.

VI.- En canto ao órgano competente, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 51.1 e 51.2 do TRLCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo precepto legal, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas é a adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Presidente da Deputación Provincial de Lugo (cláusula segunda do prego reitor en relación coa determinación do órgano de contratación). Resulta de aplicación o artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, procede, a xuízo do que subscribe, que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o inicio do terceiro contrato derivado do acordo marco para a selección de empresas subministradoras de emulsión asfáltica tipo C65B3 (antiga ECR-2) para o parque móbil provincial, por importe de 290.400 euros, aos que se engadirán 60.984 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 351.384 euros.

A financiación da cantidade queda supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante a inserción do correspondente anuncio de apertura de prazo de presentación de propostas no perfil do contratante e ordenar ao Servizo de Contratación e Fomento a tramitación dos pertinentes convites ás empresas, Probisa Productos Bituminosos S.L.U., Repsol Lubricantes y Especialidades S.A. e Marín Petróleos S.A., concedéndolles un prazo de 15 días naturais para a presentación de ofertas.

3º.- Establecer como prezo unitario máximo de licitación o importe de 264 euros/Tn ao que se engadirán 55,44 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 319,44 euros/Tn, significando aos licitadores na carta de convite que se estima un consumo de 1.100 Tn semestrais; contía que a Deputación provincial de Lugo non está obrigada a esgotar na súa totalidade, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, polo que o prezo do contrato queda limitado ao gasto real, que será o derivado do prezo por tonelada ofertado polo adxudicatario e as toneladas efectivamente fornecidas.

Debe terse en conta que, de conformidade coa cláusula trixésimo segunda, punto terceiro do prego de cláusulas administrativas o custo do control de calidade, ata un máximo do un por cento (1%) do presuposto de licitación, sen incluír o IVE, que acorde a administración contratante, a proposta do Responsable do Contrato, serán de conta do contratista. Os controis de calidade serán realizados por empresas homologadas contratadas pola Deputación de Lugo.

4º.- Dispoñer un prazo de duración do terceiro contrato derivado do acordo marco para a selección de empresas subministradoras de emulsión asfáltica tipo C65B3 (antiga ECR-2) para o parque móbil provincial de 6 meses, a contar dende a sinatura da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto, da data de sinatura do contrato, prazo que poderá prorrogarse no caso de non estar adxudicado o seguinte contrato derivado, sen que a duración total do mesmo, incluída a prórroga, exceda dun ano”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 13/12/2018, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Primeiro.- Trasládouse a este Servizo de Contratación e Fomento, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan, e respecto da que existe informe emitido pola Intervención Provincial no que consta a existencia de consignación orzamentaria no vixente orzamento xeral:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Comercial Rafael, S.L.	TT 55707	26/02/2018	31.404,16 €	Reparación no mes de xaneiro do 2018 dun camión (a consecuencia dun accidente de circulación)
SUMA			31.404,16 €	

Segundo.- Visto que xunto coa factura consta:

a) *A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia de que os servizos están realizados, e as subministracións verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura polo Vicepresidente e Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.*

b) *Declaración responsable asinada polo representante da entidade Comercial Rafael, S.L., de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha actividade acorde ás prestacións, así como que as prestacións desenvolvidas están comprendidas dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.*

c) *Memoria xustificativa explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida polo Xefe do Parque Móbil.*

d) *Informe de data 25/05/2018, da entidade Borrás-Vázquez-Cameselle, Artai Correduría de Seguros, S.A. (mediador de seguros desta Deputación), en relación co sinistro do vehículo con cuxa reparación se corresponde a factura emitida por Comercial Rafael, S.L. Nº TT55707.*

Asemade, incorpórase informe do Parque Móbil, e informe do Servizo de Contratación e Fomento para a factura relacionada, no que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Existe consignación orzamentaria, segundo resulta do informe de data 12 de xuño do 2018 da Intervención Provincial incorporado ao atado, indicando expresamente que os gastos que reflicten as facturas teñen consignación orzamentaria no vixente Orzamento Xeral.

Terceiro.- No informe do Servizo de Contratación e Fomento emitido con data 13 de decembro do 2018, previo á Resolución da Presidencia do día 13 deste mes, dirimindo a discrepancia, en síntese, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

Primeiro.- A Intervención Provincial en data 12 de xuño do 2018, emitiu informe en relación coa seguinte factura:

<i>ACREEDOR</i>	<i>Nº FACTURA</i>	<i>DATA</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>Comercial Rafael, S.L.</i>	<i>TT 55707</i>	<i>26/02/2018</i>	<i>31.404,16 €</i>
<i>SUMA</i>			<i>31.404,16 €</i>

No devandito informe recóllese o seguinte:

“(…)

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1 a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

1. Trátase de gastos realizados no propio exercicio e omitíronse requisitos ou trámites, tanto no relativo á aprobación do gasto como ao procedemento de contratación ao non ter cobertura como contrato menor.

2. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 31.404,16 €.

3. Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en diante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 138.3 do RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sendo de aplicación por ser a factura anterior ó 9 de marzo de 2018, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer de autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, e base 36.1.2.b) de execución do orzamento 2018, polo tanto incumprindo un requisito esencial aos efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2018, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno.

Segundo o artigo 217.1 do TRLRFL, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, formulará ao Presidente unha discrepancia, deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio, e corresponderá ó Presidente da entidade local resolvela, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso. De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

Segundo.- O Xefe do Parque Móbil, en contestación ó informe de intervención amentado no punto anterior, referente ao recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais, emitiu informe en data 16/07/2018, no que se argumenta o seguinte, respecto da factura de referencia:

“En relación ca factura TT55707 da empresa Comercial Rafel, S.L. por un importe de 31.404,16 euros, infórmase que non se realizaron os trámites necesarios, debido á urxencia na reparación. O camión con matrícula 3734-HYY utilízase diariamente neste Servizo para realizar o transporte de áridos ás diferentes obras de reparación de vías ubicadas por toda a provincia. O dito camión sufriu un accidente, volcando mentres descargaba os áridos, do que non se fai cargo o seguro dado que a póliza da flota desta Deputación non está asegurada a todo risco. Dado que non era factible seguir cos traballos de reparación de vías sen poder transportar os áridos, o que implicaría tamén que gran parte do persoal adscrito a este Servizo estivese parado, sen poder desempeñar as tarefas propias do seu posto, non se realizaron os trámites oportunos para o pagamento da factura.”

Terceiro.- A factura emitida por Comercial Rafael, S.L., Nº TT 55707, correspóndese coa reparación dun camión con matrícula 3734-HYY (a consecuencia de ter sufrido un accidente), realizada no mes de xaneiro do 2018, con respecto á que o Servizo de Contratación e Fomento é coñecedor dos seguintes antecedentes administrativos:

I.- Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, de data 6 de outubro do 2017, aprobouse entre outros (previa proposta de contratación de data 17/08/2017 realizada dende o Parque Móbil), o gasto xenérico para a subministración de pezas para a reparación e mantemento dos vehículos do Parque Móbil, por un importe total de 18.150,00 € (contrato menor CMP2017/000257).

II.- Así mesmo, tamén por Resolución desta Deputación, en data 10 de outubro do 2017, aprobouse entre outros (previa proposta de contratación de data 17/08/2017 realizada dende o Parque Móbil), o gasto xenérico para a reparación e mantemento dos vehículos do Parque Móbil en talleres, por un importe total de 18.150,00 € (contrato menor CMP2017/000259).

III.- Con data 25 de maio do 2018, a entidade Borrás-Vázquez-Cameselle, Artai Correduría de Seguros, S.A., emitiu o seguinte informe en relación co sinistro do vehículo con cuxa reparación se corresponde a factura emitida por Comercial Rafael, S.L. relacionada neste informe:

“Informe Sinistro Vehículo 3734-Hhy, Póliza Individual 01 A22 1079, Flota Deputación Provincial De Lugo.

O presente informe ten por obxecto indicar cuestións relativas ó sinistro ocorrido con data 8 de xaneiro do 2018 na localidade de Busto, término municipal Pobra de Brollón (Lugo).

Con data 24 de maio do 2018 trasladóusenos dende o Parque Móbil a existencia deste sinistro por volco do camión matrícula 3734-HHY nunha obra no enderezo e data indicadas.

Dado que para o vehículo asegurado na póliza da flota contratada pola Deputación Provincial de Lugo coa compañía Helvetia, non se incluiu a garantía de <todo risco>, non procede reclamación dos danos propios á compañía de seguros xa que a reparación do vehículo non tería cobertura a través de dita póliza.

Por este motivo amentado e dado que non se viron implicados outros vehículos, bens ou persoas nos feitos, dende o Parque Móbil non se procedeu á comunicación do sinistro, coñecedores da non cobertura do mesmo.

(...).”

IV.- Consta correo electrónico recibido neste Servizo dende o Parque Móbil en data 24/05/2018, no que se inclúen cinco fotografías do camión sinistrado.

Cuarto.- O Servizo de Contratación e Fomento, emitiu informe en data 29/05/2018 (referente á factura emitida por Comercial Rafael, S.L., de data 26/02/2018, correspondente á reparación no mes de xaneiro do 2018 dun camión, como consecuencia dun sinistro), á vez que solicitaba consignación orzamentaria, no que se recolle o seguinte:

“(…)

1º) Analizados os arquivos existentes no servizo, constátase que non existen contratos en vigor que amporen dita factura.

2º) Pola cuantía da factura e o tipo de prestación periódica, non estamos ante un suposto de contrato menor; neste sentido existiron varios contratos menores de reparación de vehículos sendo os últimos de datas de resolución de 12/02/2016 e 28/09/2016 e de 23/03/2017 e 10/10/2017.

3º) Tendo en conta, que o obxecto da factura responde a unha reparación efectuada como consecuencia dun accidente que pola súa tipoloxía non está cuberto pola póliza que ten contratada a Deputación, a tenor do informe emitido pola mediadora de seguros de acordo co desenvolvemento dos feitos que motivaron este sinistro. Todo isto sen prexuízo de analizar o contido da póliza e das súas coberturas.

(…).”

Quinto.- Na memoria xustificativa de data 16 de abril do 2018, emitida dende o Parque Móbil, en relación coa factura de Comercial Rafael, Nº TT 55707 de data 26/02/2018 dun importe total de 31.404,16 €, correspondente á reparación no mes de xaneiro do 2018 dun camión como consecuencia dun sinistro, relaciónase o seguinte:

“(…)

Primeiro.- Debido á urxencia na reparación do camión con matrícula 3734-HYY tras sufrir un accidente, e dado que este vehículo realiza diariamente o transporte de áridos necesarios para a reparación de vías, procede validar a factura. Hai que engadir que non existe outro camión de similares características neste Parque Móbil que poidese substituír ao mencionado, polo que no caso de non realizar a reparación do mesmo, sería necesario parar as obras de reparación de vías de dous dos equipos de rego, e polo tanto todo o persoal que compón esos equipos, tanto maquinistas como peóns, quedarían tamén parados, sen poder desempeñar as tarefas propias do seu posto.

Segundo.- O período de realización do aludido servizo foi xaneiro de 2018.

Terceiro.- A cantidade a aboar á empresa ascende a 31.404,16 euros (I.V.E. incluído).

Cuarto.- Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

Quinto.- A valoración corresponde ás estrictamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2018, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Sexto.- No mes de xaneiro do ano 2018, período correspondente á realización da prestación da reparación dun camión siniestrado, relacionada na factura nº TT 55707 de Comercial Rafael, S.L., reparada pola Intervención Provincial en data 12/06/2018, informada polo Parque Móbil en data 16/07/2018 e memoria xustificativa da mesma unidade administrativa de data 16/04/2018, non existía ningún contrato en vigor en cuxo obxecto se encontren ditas prestacións.

Nembargantes, salientar que un accidente de tráfico é unha circunstancia imprevisible, e que na actualidade, estanse realizando dende o Parque Móbil as xestións necesarias para iniciar un novo procedemento de contratación para a adquisición de materiais diversos para o mantemento e reparacións dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil.

(...).”

Consideracións

Primeira.- Indicar que por parte do Parque Móbil, remitiuse a este Servizo, copia da Proposta de Contrato Menor de data 11/12/2018, para a adquisición de materiais diversos para o mantemento e reparacións dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, por un importe total de 18.148,79 €, que actualmente se atopa en tramitación.

Segunda.- Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e imprescindible para o correcto funcionamento do persoal adscrito ó Parque Móbil encargado da reparación de vías, e da reparación das vías en si mesmas, que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe. A necesidade e idoneidade desas prestacións débemola entender inmanente aos expedientes contractuais previamente existentes (contrato menor CMP2017/000257, e contrato menor CMP2017/000259), pero debe entenderse que estaba esgotado o crédito, lembrando que os actos administrativos emitidos na tramitación dese expediente contractual gozan da presunción de validez (Artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) en tanto non mudasen os presupostos da existencia daquelas prestacións contractuais recíprocas.

Por outra parte, doutrinal e xurisprudencialmente, vense aplicando como fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, que tería fundamento no propio artigo 1096 do Código Civil, que alude a que aquelas xorden entre outras dos contratos, pero tamén dos “cuasicontratos”, que se regulan no artigo 1887 do C.C., así como dos feitos lícitos e voluntarios dos que resulta unha obriga do seu autor para con un terceiro e as veces unha obriga recíproca entre os interesados.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos nos perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, sendo acordes os prezos aplicados cos habituais do mercado (segundo se recolle na memoria xustificativa do Parque Móbil de data 16/04/2018).

Terceira.- A factura relacionada neste informe é obxecto de tramitación por analoxía, co establecido na Base de Execución Nº 20 do Orzamento desta Deputación para o ano 2018.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial (segundo se expresa no apartado sexto das consideracións deste informe), unha vez salvado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Cuarta.- No informe 4/2016 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de 30/06/2016 chega a salientarse a prevalencia do interese xeral que rexe na contratación pública ata o punto de que o artigo 38 do TRLCSP permite o mantemento da vixencia dun contrato nulo, cando se dean razóns de interese xeral; en efecto o artigo 38.2 do TRLCSP permite que o órgano competente para declarar a nulidade, malia concorrer causas, non a declare e acorde o mantemento dos efectos do contrato se atendendo a circunstancias excepcionais que concorran, considera que existen razóns imperiosas de interese xeral que o esixan. Na actualidade a referencia debe entenderse efectuada ao artigo 42.3 da LCSP.

Na revista “El Consultor de los Ayuntamientos” nº 21/2016, recóllense uns comentarios ó STS de 21 de xaneiro de 2015 (recurso de casación 1371/2015) coas seguintes conclusións atinxentes ao asunto que nos ocupa:

“A infracción, no seu caso, das formalidades administrativas establecidas na lexislación de contratos públicos por parte da Administración contratante, nunca poderían enervar o dereito do contratista ó cobro da cantidade realmente executada, pois admitir o contrario suporía un enriquecemento inxusto da Administración.”

Quinta.- Consciente o poder legislativo das inconveniencias que xorden nas tramitacións administrativas de procedementos de adxudicación de contratos, implementa unha proposta lexislativa de salvagardar as prestacións naqueles supostos en que vencera o contrato anterior sen ter formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións (...); pode verse o art. 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións efectivas de que se preste o servizo, aínda que se estima necesaria.

Sexta.- A factura a aprobar supera os límites do contrato menor, se ben a reparación do camión a consecuencia dun accidente de circulación, é un feito imprevisible.

Por outra banda:

- Na Base Nº 10 “Recoñecemento e liquidación de obrigas” das de Execución do Orzamento para o 2018, recóllese como regra xeral que o recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

- E na Base Nº 11 “Ordenación de Pagamentos”, sinálase que a ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

No caso que nos ocupa, nin o recoñecemento das obrigas nin a ordenación dos pagamentos lle corresponderían ó Presidente, xa que non se realizaron os trámites previos necesarios amentados polas Bases Nº 10 e Nº 11. Polo tanto, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno:

“Correspóndelle á Xunta de Goberno:

a) *A asistencia ao Presidente/a no exercicio das súas atribucións.*

b) *As seguintes atribucións, delegadas do Presidente/a e do Pleno:*

(...)

8. Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...)

12. A competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

(...).”

A estes efectos debe terse en conta a circular da Secretaría Xeral de data 02/11/2018, na que se di:

“O Pleno da Deputación Provincial en sesión do 30 de outubro de 2018, acordou a conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018, polo que se prestou aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de data 26 de xullo de 2018, ao abeiro de canto se establece polo artigo 50 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A conversión do citado acto administrativo, implica que o acordo plenario de 26 de xuño de 2018, polo que se aproba o novo Regulamento Orgánico teña, meramente, natureza xurídica de acordo provisorio aos efectos do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora do Réxime Local.

Como consecuencia de tal conversión, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza de disposición administrativa de carácter xeral, e queda sen valor normativo algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa

integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011.”

Así mesmo, con data 27 de xullo do 2018, publicouse no B.O.P. de Lugo Nº 171, a Resolución da Presidencia do 26/07/2018, polo que se delega na Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, entre outras, as seguintes atribucións:

“(…)

5.- A contratación, incluídos todos os actos de preparación, adxudicación e execución de obras, servizos, subministracións, de concesión de obras, concesión de servizos públicos, e contratos administrativos especiais, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación, incluída a aprobación dos proxectos e pregos de condicións e todos os demais actos en execución dos devanditos contratos.

6.- A contratación, incluídos todos os actos de preparación, adxudicación e execución, de contratos de natureza privada, concesións sobre bens e adquisición de bens inmoables e alleamento de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial de contía superior á determinada para contratos menores cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(…).”

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2018, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento da seguinte factura correspondente á reparación no mes de xaneiro do 2018 dun camión (a consecuencia dun accidente de circulación):



ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Comercial Rafael, S.L.	TT 55707	26/02/2018	31.404,16 €	Reparación no mes de xaneiro do 2018 dun camión (a consecuencia dun accidente de circulación)
SUMA			31.404,16 €	

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da factura relacionada:

- N° TT 55707 de data 26/02/2018, emitida por Comercial Rafael, S.L., por un importe total de 31.404,16 €, correspondente á reparación no mes de xaneiro do 2018 dun camión (a consecuencia dun accidente de circulación)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POLO C. BALONCESTO RÍA DE RIBADEO, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2018 QUE RESOLVE O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Deporte de data 7 de decembro de 2018 e do seguinte teor:

Informe relativo ao recurso de reposición de C. Baloncesto Ría de Ribadeo contra acordo de Xunta de Goberno de data 9 de novembro de 2018.

Con data 23 de novembro de 2018 e número de rexistro 31219 tivo entrada no Rexistro da Deputación de Lugo, escrito a nome de Ana María Prieto Rodríguez, en calidade de secretaria do C. Baloncesto Ría de Ribadeo, no que formula recurso contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 9 de novembro de 2018 que resolve o procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2018.

No escrito, o recorrente motiva o recurso de reposición en presunto erro de interpretación relativo a anexo 8, da solicitude de subvención do ano 2017, indicando expresamente un erro de interpretación no citado anexo.

Que o C. Baloncesto Ría de Ribadeo, presentou con data 30 de maio de 2018, solicitude de axuda dentro do procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2018, de acordo coas Bases aprobadas por Xunta de Goberno de data 13 de abril de 2018, cuxo extracto se publicou no BOP 095 do xoves 26 de abril de 2018; dentro da categoría de actividade competitiva federada.

Que de acordo co punto 8. As Solicitudes: Presentación, prazos, lugar de presentación, órgano ao que se dirixe a petición e documentación a presentar
(...)

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2018 publicáronse no BOP 095 do xoves 26 de abril de 2018, e que por tanto, á vista da data de presentación da solicitude, constátase que supera o prazo de 15 días hábiles, a contar a

partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto no BOP previstos na convocatoria, e que en consecuencia, queda acreditado que o recorrente presentou a solicitude fóra do prazo establecido.

Que tal circunstancia se reflicte na publicación de fe de erratas do BOP número 265 de data 19 de novembro de 2018.

Que por tanto, a xuízo de quen asina e á vista das circunstancias expostas e da constatación de que a solicitude se formulou fóra do prazo previsto nas bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2018, cómpre a desestimación do recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión celebrada o día 9 de novembro de 2018.

Con fundamento no referido informe, propono que pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desestimar o recurso de reposición formulado con data 23 de novembro de 2018 e número de rexistro 31219 a nome de Ana María Prieto Rodríguez, en calidade de secretaria do C. Baloncesto Ría de Ribadeo, contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 9 de novembro de 2018 que resolve o procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva, destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2018.

2º.- Notificar o presente acordo á parte interesada facéndolle saber que poderá interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o seguinte á súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo ao abeiro dos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, (segundo redacción dada pola Lei 19/03 do 23 de decembro)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POLO CENTRO DE INSTRUCCIÓN Y RECREO DE BENQUERENCIA, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2018 QUE RESOLVE O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Deporte de data 7 de decembro de 2018 e do seguinte teor:

Informe relativo ao recurso de reposición de Centro de Instrucción y Recreo de Benquerencia contra acordo de Xunta de Goberno de data 9 de novembro de 2018

Con data 27 de novembro de 2018 e número de rexistro 31605 tivo entrada no Rexistro da Deputación de Lugo, escrito a nome de José Otero Méndez, en calidade de presidente de Centro de Instrucción y Recreo de Benquerencia, no que formula recurso contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 9 de novembro de 2018 que resolve o procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrancia competitiva, destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2018.

No escrito, o recorrente motiva o recurso de reposición na consideración de cumprimento dos requisitos da convocatoria, que considera que non se tiveron en conta á hora da valoración da solicitude.

Que Centro de Instrucción y Recreo de Benquerencia, presentou con data 21 de maio de 2018, solicitude de axuda dentro do procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrancia competitiva, destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2018, de acordo coas Bases aprobadas por Xunta de Goberno de data 13 de abril de 2018, cuxo extracto se publicou no BOP 095 do xoves 26 de abril de 2018, dentro da liña de eventos deportivos: VI Edición da Carreira Popular Benquerencia Terra e Mar.

Que no punto 3. Requisitos que deberán reunir os beneficiarios, das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2018, cuxo extracto se publicou no BOP número 095 do 26 de abril de 2018, indícase expresamente como requisito que se ha de cumprir que:

As entidades deportivas e clubs deportivos solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia no momento de presentación da solicitude, inscrición que se acreditará con copia do certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia no que conste o domicilio social do club ou copia de documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, no momento de presentación da solicitude.

Así mesmo, no punto 8. As Solicitudes: Presentación, prazos, lugar de presentación, órgano ao que se dirixe a petición e documentación a presentar, das referidas bases reflíctese que:

Os documentos comúns e necesarios a presentar coa solicitude son:

Copia de certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia no momento de solicitude da axuda, no que conste o domicilio social do club ou copia de documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente.

Que ha de terse en conta en relación con tal circunstancia, a súa conexión co previsto no artigo 69 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia do deporte de Galicia, que reflicte:

Artigo 69. Efectos adicionais da inscrición.

A inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia das asociacións deportivas e entidades reguladas nesta lei é un requisito indispensable para optar ás axudas, a subvencións e a asesoramento ou para a participación en competicións oficiais autonómicas.

Que consta requirimento formulado á entidade solicitante, á vista de que non se acreditaba o requisito recollido no referido punto 2 das bases da convocatoria, relativo a copia de certificado

de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia no momento de solicitude da axuda, no que conste o domicilio social do club ou copia de documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente.

Que a emenda actúa como garantía para os administrados por canto permite “reparar”, “remediar” certas accións ou omisións que determinan a carencia propia do acto administrativo paralelo correspondente á entidade interesada.

Que a entidade recorrente reconece expresamente no propio recurso que non achegou tal acreditación, reconecendo así mesmo que a inscrición que acompañan é a do Censo de asociacións e entidades culturais de Galicia.

Que en todo caso, o documento achegado pola entidade solicitante no requirimento formulado é un escrito do servizo de Promoción e Difusión Cultural de data 19 de agosto de 2010, no que se indica que se xunta ficha cos datos dispoñibles do Censo de Asociacións e Entidades Culturais da Consellería de Cultura e Turismo, ficha que non vén asinada nin selada e na que non consta o ámbito de actuación da entidade.

Que por tanto, queda constatado que non se emendou a deficiencia detectada na solicitude,- inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia no momento de presentación da solicitude-, e da que se formulou o requirimento procedente.

Que en consecuencia, constatouse que a entidade solicitante incumpría o requisito establecido nas bases da convocatoria respecto da acreditación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia das asociacións deportivas.

Que por tanto, a xuízo de quen asina e á vista das circunstancias expostas e da constatación de que entidade solicitante incumpría o requisito establecido nas bases da convocatoria respecto da acreditación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia das asociacións deportivas, de acordo co previsto nas bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na

anualidade 2018, cómpre a desestimación do recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión celebrada o día 9 de novembro de 2018.

Con fundamento no referido informe, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desestimar o recurso de data 27 de novembro de 2018 e número de rexistro 31605 a nome de José Otero Méndez, en calidade de presidente de Centro de Instrución y Recreo de Benquerencia, no que formula recurso contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 9 de novembro de 2018 que resolve o procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva, destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2018.

2º.- Notificar o presente acordo á parte interesada facéndolle saber que poderá interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o seguinte á súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo ao abeiro dos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, (segundo redacción dada pola Lei 19/03 do 23 de decembro)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2017.

En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas no procedemento de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociación sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 15 de decembro de 2017; logo de ver as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como informes

do Centrad, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico, Centro de Artesanía e Deseño e Educación, a Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda:

Acceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
ASOCIACIÓN CULTURAL PROA DE VIVEIRO	FEIRA DE ARTESANÍA DE VIVEIRO	654,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL E VECIÑAL DE LANZÓS	CURSO DE RESTAURACIÓN	618,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL PUNTO DE CRUZ	CURSO DE BORDADO E PUNTO DE CRUZ	442,00€
ASOCIACIÓN DE ARTESÁNS DE MONDOÑEDO OS MUÍÑOS	NADAL ARTESÁN	1000,00€

13.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2017.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de decembro de 2017, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 189, do 18 de agosto de 2017, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2017; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Acceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:



ENTIDADE	SUBVENCIÓN
Asociación prestadora de servizos á xuventude Sagrado Corazón	839,00 €

14.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2018.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 10 de agosto de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 186, do 14 de agosto de 2018, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
Asociación para o desenrolo rural integral de Negueira de Muñiz	1.064,00

15.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 29 de decembro de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* de Lugo, núm.184, do venres 11 de agosto de 2017, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCION
Club de Natación Escualos	Travesía a nado desafío encoro de Peares	916,00
Club Deportivo Sagrado Corazón	Campus de baloncesto Comeza	1.000,00
Asociación Deportiva Cultural Campus Alex Llorca	Campus baloncesto Alex Llorca	1.185,00
Asociación prestadora de servizos á xuventude Sagrado Corazón	Multicampus	1.131,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade de tódolos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita.

16.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO DE 30 DE NOVIEMBRE DE 2018, NO ASUNTO REFERIDO Á “PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA



PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIONES SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2018”.

Detectado erro material na acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 30 de decembro de 2018, por duplicidade ao incorporar a proposta de acordo, de xeito que no punto nove da Orde do Día incorpórase a proposta de conta xustificativa do PRONE LUGO Asociación Deportiva que corresponde a ese asunto número nove; e ao mesmo tempo no punto dez vólvese transcribir a proposta antes citada, cando a que se corresponde é a referida á concesión de subvención en réxime de concorrència competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociación sen ánimo de lucro da provincia de Lugo, para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2018.

Por todo elo, a Xunta de Goberno por unanimidade dos Deputados presentes acorda a rectificación do citado erro, quedando redactado o punto dez da acta da Xunta de Goberno de 30 de novembro de 2018, como segue:

Detectado erro de transcripción na acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 30 de decembro de 2018, no asunto denominado:

“PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIONES SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Artesanía e Deseño, do seguinte teor:

“Tendo en conta que, pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 6 de abril de 2018, prestóuselles aprobación ás bases e os modelos de solicitude que habían de rexer no procedemento de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a

entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2018.

Tendo en conta que as bases reguladoras da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincial Núm. 085 – sábado, 14 de abril de 2018.

Tendo en conta que de conformidade co punto 6º das Bases do procedemento de subvencións en réxime de concorrência competitiva destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2018, que se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento, e no seu aquelas solicitudes desestimadas e o motivo e causa da súa desestimación.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que para estes efectos, achéganse as listaxes nas que se inclúen os solicitantes propostos e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 15 de novembro de 2018 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda elevar a proposta de concesión, e informar a desestimación ou desistencia das solicitudes que figuran como tal na listaxe anexa sen especificar valor económico, por non se axustaren, no seu caso, ás bases do concurso.

A vista do Informe da Comisión de Avaliación.

Visto o informe de Servizo do Centrad, así como o de Intervención.

Por todo o dito.

A Deputada que suscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación:

Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan nas listaxes que figuran no expediente, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas amentadas listaxes.

A Xunta de Goberno por unanimidade de tódolos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada”.

17.- COMPARECENCIA NO RECURSO Nº 256/2018-S.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 256/2018-S, interposto por Dona María Teresa López Rodríguez, fronte ao acordo plenario de data 29 de maio de 2018 polo que se aproba definitivamente a proposta de modificación parcial da Relación de Postos de Traballo desta entidade, no exclusivo particular do posto de “Xefe de Unidade de Rexistro Xeral” (BOP 20 de agosto de 2018); vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2y de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobación, se procede, do levantamento da condición suspensiva para proceder ao pagamento das facturas relativas aos Lotes IV, V e VI, da contratación dos grupos para o II Festival Blues de Lugo “Blues Museum”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Primeiro.-En Xunta de Goberno celebrada o día 22 de xuño de 2018 ,aproboouse o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación por lotes do espectáculo público con motivo do II Festival Internacional Blues de Lugo “BLUES MUSEUM” e ofrecer unha programación de alta calidade, con concertos de grandes artistas do xénero blues, iniciativa que entra dentro dos obxectivos desta Área de Cultura de impulsar actividades totalmente gratuítas para dinamizar a vida cultural da nosa cidade.

LOTES	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	IVE (21%)	TOTAL	VALOR ESTIMADO DO CONTRATO
I)AURORA THE BETRAYERS	5.500 euros	1.155 euros	6.655 euros	5.500 euros
II)SOUTHERN AVENUE	4.200 euros	882 euros	5.082 euros	4.200 euros
III)THE CYBORGS	7.400 euros	1.554 euros	8.954 euros	7.400 euros
IV)TRAVELLIN BROTHERS	3.700 euros	777 euros	4.477 euros	3.700 euros
V)DANI NELLO & LOS SAXOFONISTAS SALVAJES	6.700 euros	1.407 euros	8.107 euros	6.700 euros
VI)LAURENCE JONES	8.300 euros	1.743 euros	10.043 euros	8.300 euros
TOTAL	35.800 euros	7.518 euros	43.318 euros	35.800 euros

Segundo.- O día 20 de xullo de 2018 aprobouse en Xunta de Goberno, sesión ordinaria, o que se transcribe a continuación:

“1º.-Adxudicar á D. Eduardo Emilio Núñez Torrón Caballero, D.N.I..33.319191, a contratación do espectáculo público con motivo do II FESTIVAL INTERNACIONAL BLUES DE LUGO “BLUES MUSEUM” para os lotes I, II e III; e adxudicar á empresa Eidón Música, S.L. con NIF B27740950, dita contratación para os lotes IV, V e VI, segundo se detalla a continuación:

- LOTE I: AURORA THE BETRAYERS, a través de Eduardo Núñez-Torrón Caballero, por ostentar os dereitos de representación en exclusiva como produtor local, para a actuación o día 20 de xullo na Praza da Soidade.

- LOTE II: SOUTHERN AVENUE, a través de Eduardo Núñez-Torrón Caballero, Por ostentar os dereitos de representación en exclusiva como produtor local, para a actuación o día 21 de xullo na Praza da Soidade.

- LOTE III: THE CYBORGS, a través de Eduardo Núñez-Torrón Caballero, por ostentar os dereitos de representación en exclusiva como produtor local, para as actuacións os días 20 de xullo na Praza da Soidade e 21 de xullo na Praza do Campo Castelo.

- LOTE IV: TRAVELLIN BROTHERS, a través de EIDÓN MÚSICA, S.L., por ostentar os dereitos de representación como produtor local en exclusiva, para a actuación o días 20 de xullo na Praza da Soidade.

- LOTE V: DANI NELLO & LOS SAXOFONISTAS SALVAJES, a través de EIDÓN MÚSICA, S.L., por ostentar os dereitos de representación como produtor local en exclusiva, para a actuación o día 21 de xullo na Praza da Soidade.

- LOTE VI: LAURENCE JONES, a través de EIDÓN MÚSICA, S.L., por ostentar os dereitos de representación como produtor local en exclusiva, para unha actuación o día 21 de

xullo na Praza da Soidade e unha masterclass o día 21 de xullo nos Xardíns do Museo Provincial de Lugo.

2ª.- D. Eduardo Emilio Núñez-Torrón Caballero, comprométese a executar o obxecto do contrato, cumprindo coas determinacións establecidas, nos pregos de cláusulas administrativas e nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta, polos importes que se detallan a continuación, e cunha duración mínima por concerto de 75 minutos.

LOTES	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	IVE (21%)	TOTAL
I)AURORA THE BETRAYERS	5.500 euros	1.155 euros	6.655 euros
II)SOUTHERN AVENUE	4.200 euros	882 euros	5.082 euros
III)THE CYBORGS	7.400 euros	1.554 euros	8.954 euros

3ª.- A empresa Eidón Música, S.L, comprométese a executar o obxecto do contrato, cumprindo coas determinacións establecidas, nos pregos de cláusulas administrativas e nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta, polos importes que se detallan a continuación, e cunha duración mínima por concerto de 75 minutos.

LOTES	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	IVE (21%)	TOTAL
IV)TRAVELLIN BROTHERS	3.700 euros	777 euros	4.477 euros
V)DANI NELLO & LOS SAXOFONISTAS SALVAJES	6.700 euros	1.407 euros	8.107 euros
VI)LAURENCE JONES	8.300 euros	1.743 euros	10.043 euros

4ª.- Son condicións especiais de execución aplicable a todos os lotes, ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f do LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- O cumprimento cos medios materiais e persoais mínimos adscritos á execución do obxecto do contrato e recollidos na cláusula segunda do PPT.

- O cumprimento pola empresa adxudicataria do deber de presentar xunto coa factura, unha declaración responsable de ter aboado os salarios aos traballadores adscritos á execución

do contrato e declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

-O deber de acreditar o adxudicatario, o cumprimento das obrigas tributarias coa seguridade social e salariais en canto ao persoal adscrito á execución do contrato, isto é, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos TC1/TC2 unha vez realizada a última actuación, xunto coa declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas dese persoal e a transferencia bancaria, como medio complementario de acreditar o seu pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

- Remitir ao Servizo de Cultura, antes de comezar a executar as prestacións do contrato, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo

5º.- A empresa Eidón Música, S.L, remitiu por correo electrónico o día 19 de xullo de 2018 a documentación administrativa, cumprindo materialmente pero non formalmente certos requisitos esixidos na cláusula décimo sétima do PCAP en relación coa acreditación da solvencia. Debido a esta circunstancia, queda condicionado o pagamento das facturas relativas aos Lotes IV, V e VI, á presentación dos documentos necesarios para satisfacer os requisitos formais de obrigado cumprimento segundo se recolle na cláusula amentado do PCAP, nos seguintes termos:

a) A declaración de non atoparse a adxudicataria, en situación de concurso de acredores, está asinada por quen manifesta ser asesor fiscal da mesma: Debe aportarse antes de proceder ao pago das facturas tal declaración asinado polo representante da sociedade.

b) O volumen anual de negocios acredítase coa declaración do imposto de sociedades, aínda que non coas contas anuais formalmente rexistradas no rexistro mercantil (achéganse sen dilixenciamiento rexistral): Deben achegar as contas anuais debidamente dilixencias e relación, por anualidades, do volume de negocios asinados pola representante da sociedade adxudicataria, antes de proceder ao pago das facturas.

c) En canto a solvencia técnica, aporta certificado de servizos prestados pola entidade provincial, por importe de 16.940€, por encima dos esixido no PCAP, se ben non achega a relación de servizos prestados: Debe aportar a relación dos principais servizos prestados nos últimos anos, asinado pola representación da adxudicataria, antes de proceder ao paga das facturas.

6º.- *Cada contrato terá unha duración máxima de vixencia de 1 mes dende a data na que se produza a formalización do contrato, debéndose realizar nese prazo as actuacións musicais previstas e definidas no PPT.*

7º.- *Os créditos precisos para este contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 3340.22609, do orzamento xeral da Deputación de Lugo para anualidade 2018.*

8º.- *Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.*

9º.- *Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación (un contrato por lote), na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, aínda que sempre dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación, na forma prevista no artigo 151 do LCSP.”*

Terceiro.- Visto que con data 12 de decembro do 2018 a empresa Eidón Música, S.L, remitiu a documentación administrativa, cumprindo formalmente os requisitos esixidos na cláusula décimo sétima do PCAP en relación coa acreditación da solvencia.

Cuarto.- Tendo en conta o establecido na cláusula terceira do PCAP, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación e nos restantes actos procedimentais o órgano competente será a Presidencia, en

virtude do establecido no art. 59, apartado 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular da Secretaría Xeral en función de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº.170 do 26 de xullo 2018.

Neste caso concreto, será a Xunta de Goberno o órgano a quen lle corresponde deixar constancia do cumprimento da condición para proceder ao pagamento das facturas, de seren conformadas.

Por canto antecede, propónse que por Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Declarar cumprida a condición de acreditar a solvencia segundo o esixido na cláusula décimo sétima do PCAP, e deixar constancia do cumprimento da mesma no expediente aos efectos de constatar o seu cumprimento e poder proceder ao pagamento das facturas emitidas pola adxudicataria Eidón Música, S.L, relativas aos lotes IV, V e VI, da contratación dos grupos para o II Festival Blues de Lugo “BLUES MUSEUM”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de acordo da Xunta de Goberno ao obxecto de aprobar a convocatoria e as Bases Xerais e Específicas que rexerán o concurso - oposición ao obxecto de constituír unha listaxe de emprego temporal para a categoría de “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local”, ao obxecto de atender as necesidades temporais deste tipo de persoal nos supostos previstos no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público ou no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“En consideración á urxencia de cubrilas necesidades deste tipo de persoal para contar cos efectivos necesarios para o desenvolvemento dos programas de actuación deseñados pola Área de Promoción Económica e Social, segundo consta na proposta da Área, é urxente decidir polo órgano competente esta convocatoria e aprobar as bases da mesma para poder dar trámite ao proceso sen dilacións innecesarias.

1.- Obxecto da Convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a de realizar un proceso selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición, para constituír unha listaxe de emprego temporal de “*Axente de Emprego e Desenvolvemento Local*” (Técnico/a Superior, Grupo A, Subgrupo A1) para atender ás necesidades urxentes de incorporación de efectivos destas características, con carácter temporal.

Características do tipo de praza/emprego/posto obxecto da convocatoria:

- Denominación: *Axente de Emprego e Desenvolvemento Local*
- Clasificación: Grupo A.- Subgrupo A1.

2.- Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

- Artigo 10.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que se establece que “*son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:*

- a) *A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*
- b) *A substitución transitoria dos titulares.*
- c) *A execución de programas de carácter temporal.*

d) *O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

- Artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, esixe que: *“non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”.*

- Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.*

- Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

- Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.*

- Artigo 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a selección e nomeamento dos funcionarios interinos.

3.- Listaxes de emprego temporal conformadas por aspirantes que participaron en procesos selectivos.

Nestes momentos non existe Listaxe de Emprego Temporal de “*Axente de Emprego e Desenvolvemento Local*” ao obxecto de poder cubrir provisionalmente a sinalada praza a través da devandita Listaxe, polo que resulta necesario a súa constitución para atender as necesidades que se poidan producir.

4.- Proposta de acordo.

Considerando que se teñen constatado que existe na Entidade a necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal para poder xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo de titulación cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular as referidas no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo; propoño á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

Acordo:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre para a creación dunha listaxe de emprego temporal de “*Axente de Emprego e Desenvolvemento Local*” (*Técnico Superior, Grupo A, subgrupo A1*) para xestionar de xeito áxil as necesidades de natureza temporal deste tipo de persoal.



Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 289 de data 17/12/2015).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para constituír unha listaxe para emprego temporal das seguintes características:

- Denominación praza/Emprego/Posto: *Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local*
- Grupo/Subgrupo: A/A1.
- Clasificación: Técnico/a Superior.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.